



Amtega - 2013



# Índice de contidos

---

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
<b>2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO CONTRATO</b>	<b>7</b>
<b>3. OBXECTIVOS OPERATIVOS E PROGRAMAS</b>	<b>10</b>
• <b>OBXECTIVO 1 – ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE</b>	<b>11</b>
MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA)	12
SISTEMA INTEGRADO PARA A XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS, E DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS PARA O EMPREGADO PÚBLICO	17
INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E URBANISMO	20
IMPULSO DA RELACIÓN TELEMÁTICA CO SECTOR EMPRESARIAL, COMERCIAL E INDUSTRIAL	23
MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN AMBIENTAL	26
PLAN E-XUSTIZA	29
INCORPORACIÓN DE SOLUCIÓNS TIC NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, PROGRAMA EBENESTAR	34
MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN RELACIONADOS CO EMPREGO, CA FORMACIÓN E CO FOMENTO DA CONTRATACIÓN	39
MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN RELACIONADOS CO XESTIÓN ACADÉMICA NO SISTEMA EDUCATIVO	42
• <b>OBXECTIVO 2 – ADMINISTRACIÓN EFICIENTE</b>	<b>44</b>
CONSOLIDACIÓN E HOMOXENEIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA	45
IMPLANTACIÓN DUNHA XESTIÓN EFICAZ DO GASTO TIC	49
INSTAURACIÓN DE POLÍTICAS DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN	52
IMPULSO AO SOFTWARE LIBRE	54
• <b>OBXECTIVO 3 – CIDADANÍA DIXITAL</b>	<b>56</b>
TRANSFORMACIÓN DA EDUCACIÓN A TRAVÉS DA INTEGRACIÓN DAS TIC - PROXECTO ABALAR	57
PROGRAMA DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS	59
REDE CEMIT	60
PROGRAMA DE VOLUNTARIADO DIXITAL	63
MODERNIZAR A CATALOGACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO E BENS DE INTERESE CULTURAL	66
IMPULSO NA ORDENACIÓN, NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA A TRAVÉS DAS TIC	69
ORDENACIÓN E IMPULSO DA PRESENZA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA EN INTERNET E FOMENTO DA TRANSPARENCIA, PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN COA CIDADANÍA	71
• <b>OBXECTIVO 4 - TRANSFORMA TIC</b>	<b>74</b>
DEFINICIÓN DA ESTRATEXIA RIS3 NO ÁMBITO DAS TIC	75
IMPULSO DO HIPERSECTOR TIC – TRANSFORMA TIC	76
• <b>OBXECTIVO 5 – ECONOMIC-IT</b>	<b>78</b>
CENTRO DEMOSTRADOR TIC	79

IMPULSO DO USO DOS SERVIZOS TIC POR PARTE DAS EMPRESAS GALEGAS	80
SMART TURISMO	82
MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO EN GALICIA	83
POTENCIAR A XESTIÓN TELEMÁTICA NO SECTOR AGROGANDEIRO, NO SECTOR FORESTAL E NO SECTOR DA PESCA E DO MAR	85
● <b>OBXECTIVO 6 - INFRA TELECOM</b>	<b>91</b>
PLAN DE BANDA LARGA	92
MODERNIZACIÓN DAS REDES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	96
● <b>OBXECTIVO 7 – MEDIDAS INSTRUMENTAIS DE EFICIENCIA E COOPERACIÓN</b>	<b>98</b>
CONSOLIDACIÓN DA AXENCIA COMO ÓRGANO DE XESTIÓN DAS TIC	99
IMPULSO DA COLABORACIÓN E ACCIÓN COORDINADA ENTRE ADMINISTRACIÓNS: PLAN E CONCELLOS	101
OBSERVATORIO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DA MODERNIZACIÓN (OSIMGA)	103
<b>4. MARCO ECONÓMICO-FINANCIERO</b>	<b>106</b>
<b>5. RECURSOS HUMANOS</b>	<b>109</b>

## 1. *Introdución*

---

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega), adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia cando dispón que:

*“1. Mediante esta lei autorízase a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que terá como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.*

*2. Esta axencia, en concreto, asumirá os medios persoais e materiais e as competencias que na actualidade lle corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que se suprimirá no momento da creación daquela, sen que supoña incremento ningún de gasto público.”*

En desenvolvemento da autorización antedita e previa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, con data 21 de xullo de 2011, do Plan para a posta en marcha da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, a Amtega foi finalmente creada a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos.

Posteriormente, mediante a celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, con data 9 de marzo de 2012, tivo lugar a constitución efectiva da dita axencia pública autonómica, incorporándose desde ese momento os medios persoais, materiais e económico-financeiros que, en materia TIC, estaban ata ese momento adscritos á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e Secretarías Xerais da Presidencia, xunto cos recursos TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

Nunha segunda fase, que tivo lugar ao longo do ano 2012, adscribíronse á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións doutras 5 consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar; e Medio Rural e do Mar.

En concreto, durante o exercicio 2012, culmináronse os acordos de traspaso cos seguintes departamentos e entes do sector público autonómico:

- Secretarías Xerais da Presidencia (Secretaría Xeral da Presidencia, Asesoría Xurídica, Secretaría Xeral de Medios, Secretaría Xeral da Igualdade, Secretaría Xeral de Emigración, Secretaría Xeral para o Deporte, Secretaría Xeral para o Turismo)
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, xunto coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xunto con Axencia Galega de Infraestruturas, Instituto de Estudos do Territorio e Xurado de Expropiación de Galicia.
- Consellería de Medio Rural e do Mar, xunto a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) e Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL).
- Consellería de Economía e Industria, xunto a Axencia Galega de Innovación e o Instituto Galego de Consumo.
- Consellería de Traballo e Benestar xunto co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA).
- Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) e o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Doutra banda, segundo o artigo 9, apartado 2 do Estatuto da Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia “a actividade da Amtega levarase a cabo de acordo cun plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión”. Así mesmo de acordo co artigo 10 apartado a), a persoa a cargo da Dirección da Amtega propondrá ao Consello Reitor para a súa aprobación, nas datas que estableza a normativa aplicable, o plan de acción anual sobre a base dos recursos dispoñibles.

En consonancia coas disposicións mencionadas, así como coas previsións contidas no contrato plurianual de xestión, o presente plan de acción ten por obxecto regular a actividade da Amtega durante o exercicio 2013 mediante o sinalamento das diferentes actividades conducentes ao cumprimento da súa misión, así como do escenario económico financeiro e a dotación de persoal precisa para levala a cabo.

Este documento estrutúrase indo da enunciación dos aspectos máis xerais e estratéxicos, cara ao particular e operativo, partindo do establecemento de cales serán, para o período considerado, os obxectivos estratéxicos que orientarán o labor da Amtega para continuar coa concreción dos plans e programas a executar en 2013. Complétase a regulación contida neste plan de acción mediante o establecemento do escenario económico financeiro e do marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos, tendo en conta a especial situación na que se encontra a Amtega derivada do proceso de integración de servizos e recursos TIC provenientes das distintas consellerías e entidades do sector público autonómico.

## 2. *Obxectivos estratéxicos do contrato*

---

A partir das competencias e as funcións da Axencia, en consonancia co establecido na Axenda Dixital 2014.gal, establécense os obxectivos estratéxicos seguintes:

### ■ **Obxectivo 1: Administración intelixente**

***Pór a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados*** que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que, á súa vez, permitan o aumento na súa calidade de vida.

O uso axeitado das TIC por parte da administración transforma as relacións que se establecen entre a cidadanía e empresas con ela.

A aceleración dos procedementos, a accesibilidade dos servizos e a información, a creación de canles interactivas e , en definitiva , a posibilidade de integrar en forma máis natural as actividades que suceden a ambos os dous lados da liña que teoricamente separa as esferas administrativas das privadas dá un contido cualitativamente distinto á relación cidadán-administración e facilita a entrega de máis servizos, a colectivos máis amplos, e con novas funcionalidades.

No sector produtivo, a mellora nos servizos públicos tradúcese ademais nun incremento na produtividade, principalmente como resultado da redución de custos asociados á tramitación, á redución de tempos de espera e á simplificación dos trámites asociados ás prestacións que se desexan obter das administracións públicas.

No capítulo seguinte sinalaranse os plans ou programas que se van levar a cabo neste ano 2013 cos seus proxectos e indicadores asociados as liñas concretas de traballo que permiten arribar a este obxectivo estratéxico do contrato.

### ■ **Obxectivo 2: Administración eficiente**

**Levar a cabo accións de homoxeneización en canto á estratexia tecnolóxica e a adopción de criterios de economía de escala** que permitan a redución de custos, a mellora dos servizos prestados así como accións de formulación e execución de políticas que promovan a penetración das TIC na sociedade e o seu acceso a todos os axentes sociais.

### ■ **Obxectivo 3: Cidadanía dixital**

**Dotar á sociedade de competencias e recursos para participar activamente no desenvolvemento da Sociedade da Información**, convertendo as TIC nun medio moi valioso de aprendizaxe así como un área en constante evolución que precisa da mellora constante das competencias individuais.

Para posibilitar devandito obxectivo precísase en primeiro termo a consecución da cohesión territorial e social de Galicia mediante a eliminación da brecha dixital e o impulso dos nativos dixitais.

### ■ **Obxectivo 4: Transforma TIC**

**Impulsar o hipersector TIC** de forma que se converta nun soporte para incrementar a competitividade do país, en xerador de emprego cualificado e á súa vez nun sector estratéxico na economía de Galicia, consolidándose así nun sector forte en busca da excelencia tecnolóxica.

### ■ **Obxectivo 5: EconomiC-IT**

**Impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas.** Isto permitirá a creación de emprego e o crecemento económico sostible de Galicia, á par que fará mais competitivos os sectores estratéxicos de Galicia, mediante a incorporación das TIC a seus modelos de negocio facéndoas mais eficientes, innovadoras e aumentando a súa produtividade.

### ■ **Obxectivo 6: InfraTeleCom**

**Implantar unha rede de infraestruturas de telecomunicacións moderna e sostible** que garanta a integración de Galicia na Sociedade da Información, colocándoa como rexión de referencia no desenvolvemento de novas tecnoloxías.

A finalidade fundamental deste obxectivo é o desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicación que:

- Garantar a integración de Galicia na Sociedade da Información como un dos motores principais de desenvolvemento de Galicia.
- Melloren os servizos ofrecidos á cidadanía, a través da modernización dos servizos e infraestruturas de telecomunicacións corporativas, soporte dos sistemas e procesos da Xunta de Galicia



### ■ **Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación**

**Construír un modelo de xestión áxil e eficiente** que dea resposta ás novas necesidades, construíndo unha administración áxil, de confianza e segura que simplifique as estruturas organizativas e que permita manter políticas de austeridade que deriven nunha redución de custos e unha optimización de esforzos.

Paralelamente desenvolveranse accións de coordinación e liderado no ámbito local que melloren as actuais vías de cooperación.

**Parte principal deste obxectivo será completar a conformación definitiva da propia Axencia.** Por iso, este obxectivo recollerá, entre outras, aquelas actuacións tendentes á posta en marcha da nova Axencia que, pola súa complexidade, non poidan ser finalizadas no período no que estivo en vigor o Plan Inicial de Actuacións. Tamén ten en conta outras actuacións relativas á necesidade de completar o modelo de xestión TIC que non foron definidas para o período inicial.

A Axencia, como a entidade instrumental elixida para alcanzar este novo modelo de xestión, debe abocarse inicialmente ás actividades que lle permitan desenvolverse nos tres eixos analíticos en que pode entenderse a súa actividade: a estrutura, os servizos e a xestión interna.

### 3. *Obxectivos operativos e programas*

---

A continuación se describen os obxectivos operativos e programas atendendo aos obxectivos estratéxicos do contrato definidos.

## ■ **Obxectivo 1 – Administración Intelixente**

## ***Modernización da administración pública (Administración electrónica)***

---

Este programa permitirá o despregamento da Administración electrónica en Galicia, mediante a adopción dos sistemas necesarios para a simplificación e a tramitación electrónica dos procedementos, a interoperabilidade dos sistemas e os servizos dixitais horizontais.

Os obxectivos específicos a acadar con este plan son:

- Desenvolvemento do marco normativo para a posta en marcha efectiva da administración electrónica.
- O desenvolvemento da sede electrónica da Administración pública galega.
- A creación do cartafol único de cidadán/empresa.
- A eliminación da petición da documentación que obre en poder da Administración Pública. Desenvolvemento do nodo de interoperabilidade.
- A constitución do rexistro único da administración pública galega, presencial e electrónico.
- Promoción da presentación electrónica dos procedementos administrativos da guía de procedementos e servizos
- O desenvolvemento dos sistemas e servizos electrónicos para simplificar e mellorar a eficacia dos procedementos de relación coa administración pública de Galicia, tanto na relación cos sectores implicados como para a propia xestión interna. Tendo en conta os características específicas de cada ámbito sectorial: inscrición en rexistros, tramitación de axudas e subvencións, ...
- Desenvolvemento do rexistro de habilitados.
- O desenvolvemento do sistema de información ao cidadán.
- A posta en marcha do arquivo documental dixital. A provisión de sistemas de arquivado e custodia dixital cara a consolidación do arquivo dixital de Galicia.
- A posta en marcha de servizos dixitais transversais: servizos de sinatura electrónica, notificacións, pasarela de pagos, ...

- A instauración do sistema de información analítica para a avaliación da xestión pública.
- A constitución do cadro de mando da información da administración pública.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Desenvolvemento da Sede Electrónica*

**Descrición/obxectivo:** Evolución da sede electrónica, incorporación de novos servizos e melloras de usabilidade. Desenvolvemento de formularios para a presentación en sede electrónica dos procedementos administrativos:

- Desenvolvemento dos formularios electrónicos para o 95% dos novos procedementos que se poñan en marcha na sede electrónica.
- Configuración na sede electrónica das canles especializadas cidadáns, concellos, empresas.
- Posta en marcha do servizo de notificacións electrónicas.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Sistema de arquivo dixital da Xunta de Galicia.*

**Descrición/obxectivo:** Definición do modelo tecnolóxico e funcional do sistema de arquivo dixital da Xunta de Galicia, no ámbito da documentación administrativa.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Sistema único de rexistro*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento e posta en marcha dun novo sistema de rexistro e integración do rexistro electrónico. Dotación de medios e modernización das oficinas de atención ao cidadán.

- Finalización da implantación do sistema único de rexistro nos rexistros propios e concertados.
- Posta en marcha nunha unidade de rexistro da dixitalización de documentación do cidadán e de compulsas electrónicas.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Sistemas para a sinatura electrónica*

**Descrición/obxectivo:** Definición do protocolo de sinatura electrónica e desenvolvemento dunha plataforma de servizos de sinatura dixital conforme ao protocolo indicado para a súa utilización por outros sistemas e servizos.

- Publicación do protocolo de sinatura e acreditación dixital.
- Configuración de novos tipos de firmas (firma lonxeva).
- Creación da plataforma de servizos de sinatura dixital dentro da plataforma horizontal de desenvolvemento da eAdministración.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Simplificación de cargas e sistemas para a xestión dos procedementos administrativos*

**Descrición/obxectivo:** Evolución do sistema Reduce, integración co inventario de información administrativa.

- Evolución do sistema REDUCE
- Desenvolvemento do inventario de información administrativa.
- Integración Reduce – inventario – guía de procedementos e servizos.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Desenvolvemento e evolución de sistemas de información para dar soporte a xestión electrónica do procedemento administrativo*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento e mantemento de sistemas de información para dar soporte as actividades da xestión administrativa. Destacan neste exercicio:

- Procedemento de xestión e tramitación de título de familia numerosa.
- Sistemas de soporte e tramitación de diversas axudas

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Servizos de interoperabilidade*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento de servizos de interoperabilidade para a simplificación da tramitación administrativa.

- Posta en marcha do nodo de interoperabilidade da Xunta de Galicia.
- Posta en marcha de 5 novos servizos de interoperabilidade.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Interacción con outras institucións*

**Descrición/obxectivo:** Evolución dos sistemas para as relacións institucionais. Desenvolvemento da interacción dixital con outras institucións: Parlamento de Galicia e Valedor do Pobo.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Mantemento de sistemas de información en ámbitos sectoriais da Presidencia, Vicepresidencia ou Consellería de Presidencia.*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento e mantemento de sistemas de información de ámbitos dependentes da Presidencia, Vicepresidencia ou Consellería de Presidencia.

- Implantación do sistema de xestión para as actividades de xogo e apostas deportivas.
- Dirección Xeral de Asesoría Xurídica: Evolución do sistema de xestión de pleitos e integración cos órganos xudiciais mediante Lexnet.
- Evolución do sistema de xestión do parque móbil.
- Mantemento da plataforma galiciaaberta.com

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Sistemas de xestión no ámbito das actuacións de Igualdade.*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha dos sistemas de información do ámbito da Secretaría Xeral de Igualdade:

- Xestión de ordes de autoprotección
- Xestión de centros de atención á muller

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Sistemas de xestión no ámbito das actuacións de Deporte*

**Descrición/obxectivo:** Soporte tecnolóxico nos sistemas de información dentro do programa Galicia Saudable e programas vinculados a actividade deportiva en Galicia.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<b>Modernización da administración pública</b>	
<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
<b>Desenvolvemento da sede electrónica</b>	
→ Evolución de sede electrónica	Novos servizos en sede electrónica: Configuración na sede electrónica das canles especializadas cidadáns, concellos, empresas. Posta en marcha do servizo de notificacións electrónicas.
→ Tramitación de procedementos	Procedementos con posibilidade de presentación electrónica a través de Sede Electrónica
<b>Sistema de rexistro</b>	
→ Sistema único de rexistro	Integración de funcións de dixitalización e compulsa.
→ Modernización das oficinas de rexistro e atención ao usuario	Número de oficinas de rexistro integradas no sistema único de rexistro Número de oficinas con dixitalización de documentación.
<b>Sistemas para a sinatura electrónica</b>	
→ Sinatura electrónica	Documentos asinados electronicamente
<b>Simplificación de cargas e sistemas para a xestión dos procedementos administrativos</b>	
→ Simplificación de cargas administrativas	Evolución do sistema de xestión para a habilitación dos procedementos administrativos e cálculo de cargas administrativas (programa Reduce)
→ Avaliación de procedementos	Informes elaborados de avaliación de normas relativas a procedementos administrativos avaliados en base ao procedemento de habilitación de procedemento do programa Reduce
<b>Sistemas de información para a xestión dos procedementos administrativos</b>	
→ Desenvolvemento de sistemas para a xestión electrónica	Posta en marcha do sistema de xogo e postas deportivas
<b>Nodo de interoperabilidade</b>	
→ Nodo de interoperabilidade	Posta en marcha do nodo de interoperabilidade.
→ Novos servizos de interoperabilidade	Desenvolvemento de novos servizos de interoperabilidade.



## ***Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos, e desenvolvemento de servizos para o empregado público***

---

Acadarase un Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos, e desenvolvemento de servizos para o empregado público.

Levaranse a cabo unha serie de actuacións orientadas a:

- Consolidación dun único sistema de xestión de recursos humanos que integre as necesidades de xestión para a función pública, e as necesidades para a xestión operativa dos recursos humanos dos diferentes departamentos da administración pública.
- Desenvolvemento do expediente electrónico do empregado público.
- Consolidación do repositorio único de profesionais que permita a compartición de información entre os sistemas de recursos humanos vinculados a función pública, a sanidade, a xustiza, a educación ea xestión económica, e outros ámbitos.
- Acreditación dixital do empregado público.
- Impulso da intranet corporativa como ferramenta de difusión e integración de servizos cara o empregado público.
- Ampliación e consolidación do portal do empregado público. Tramitación electrónica dos procedementos administrativos de relación entre o traballador e a administración.
- Mellora dos sistemas vinculados ao seguimento do desempeño.
- Mellorar os procesos de selección e tramitación da oferta de emprego público, simplificando a xestión mediante o emprego de servizos de interoperabilidade e outros servizos electrónicos.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Desenvolvemento do sistema único de xestión de recursos humanos*

**Descrición/obxectivo:** Incorporación de novas funcionalidades e integración con outros sistemas:

- Implantación do sistema de estrutura de postos de traballo.
- Implantación do módulo de xestión para os responsables de persoal: seguimento de cadros de vacacións ou ausencias, control horario, ...
- Xestión electrónica integral nas tramitacións de vacacións e permisos.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Acreditación dixital do empregado público*

**Descrición/obxectivo:** Entrega das tarxetas criptográficas de empregado público. Desenvolvemento das tarxetas acreditativas de funcións especiais e persoal externo.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Fichaxe en posto de traballo*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha do fichaxe en posto de traballo nos edificios principais das Delegacións Provinciais de A Coruña, Ourense, Lugo, Pontevedra e Vigo.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Servizos para o empregado público*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha do acceso a PortaX dende internet.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos, e desenvolvemento de servizos para o emprego público</i>	
<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
<b>Sistema único para a xestión dos recursos humanos</b>	
→ Evolución do sistema de xestión de persoal	Implantación da Estrutura de Postos de Traballo Implantación do sistema para responsables de persoal
<b>Accreditación dixital do emprego público</b>	
→ Acreditación dixital	Número de profesionais acreditados dixitalmente
<b>Fichaxe en posto de traballo</b>	
→ Fichaxe en posto de traballo	Fichaxe en posto de traballo no edificio principal da delegación provincial de A Coruña
	Fichaxe en posto de traballo no edificio principal da delegación provincial de Lugo
	Fichaxe en posto de traballo no edificio principal da delegación provincial de Ourense
	Fichaxe en posto de traballo no edificio principal da delegación provincial de Pontevedra
	Fichaxe en posto de traballo no edificio principal da delegación provincial de Vigo

## **Información xeográfica e urbanismo**

---

A información xeográfica e unha amósase cada vez mais relevantes en todos os procesos de planificación e xestión da administración pública. Este programa está orientado a dar o soporte tecnolóxico ao proceso de coordinación da información xeográfica da Xunta de Galicia durante todo o seu ciclo de vida:

- Produción de datos.
  - Tratamento, aloxamento e catalogación.
  - Difusión e distribución.
- As principais tarefas de este plan que se inicia no 2013 serán: Definición da Arquitectura Corporativa Unificada, definición do modelo de datos, unificación de xeoservizos, unificación do software de produción cartográfica, definición do framework de desenvolvemento, evolución dos sistemas actuais, posta en marcha dos portais de Metadatos / IDE e do portal de Inspire, definición das metodoloxías e procedementos de traballo internos.
- Desenvolver ou por en marcha e explotar as ferramentas de difusión da información, para o aproveitamento da información xeográfica, tanto dentro da propia administración como desde outras administracións ou da sociedade en xeral nos termos que se determine: Xeoportal, Centro de descargas, consulta ao xeocatálogo, servizos OGC.
- Posta en marcha de un sistema de participación cidadá para a actualización de información de posicionamento xeográfico (Carticipa).

Adicionalmente, abordarase a xestión corporativa dos plans de urbanismo, integrando a tramitación electrónica integral tanto na xestión interna da xunta, e a relación coas administracións locais.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *SIX Corporativo*

**Descrición/obxectivo:** En liña co plan do Instituto de Estudos do Territorio, posta en marcha do plan de creación e consolidación do Sistema Corporativo de Información Xeográfica. Definición de alcance, definición de arquitectura tecnolóxica unificada, definición de procedementos.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Licitación corporativa de licenzas de ferramentas de xestión de información xeográfica*

**Descrición/obxectivo:** Adquisición de licenza corporativa de ferramentas de xestión de información xeográfica, actualmente licitadas por as diferentes consellerías usuarias.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Carticipa*

**Descrición/obxectivo:** Deseño da plataforma de participación para a revisión de información xeoreferenciada.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Outorgamento telemático das licenzas e autorizacións de obra e urbanismo*

**Descrición/obxectivo:** Ten por obxecto a realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia tendentes a posibilitar a solicitude, tramitación e posterior outorgamento telemático das licenzas e autorizacións de obra e urbanismo, así como normalizar e simplificar os procesos de validación e supervisión técnica necesarios para estas. Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 coa [Colexio de Arquitectos](#).

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Información xeográfica e urbanismo</i>	
<i>Acción</i>	<i>Indicadores asociados</i>
→ Licenza corporativa de sistema de soporte a xestión de información xeográfica	Adquisición de licenzas corporativas

## ***Impulso da relación telemática co sector empresarial, comercial e industrial***

---

O sector empresarial, comercial e industrial é un dos ámbitos obxectivo para a consolidación da administración electrónica na súa relación coa administración pública, tanto no relativo a tramitación de axudas, a aplicación da directiva de servizos, a consolidación dos rexistros creados no ámbito de competencia da administración pública. O obxectivo deste programa vai orientado a simplificación dos procedementos administrativos vinculados a actividade empresarial e industrial para a redución das cargas administrativas na relación coa Xunta de Galicia, a extensión da sede electrónica cara un modelo de xanela única empresarial que facilite a as empresas a relación coa administración pública.

Os obxectivos específicos a acadar con este programa son:

- Simplificar e mellorar a eficacia dos procesos relacionados coa regulación e promoción do comercio interior, co desenvolvemento servizos electrónicos tanto para a relación co sector como cara a xestión interna.
- Desenvolvemento dos sistemas de información para a xestión electrónica das actividades correspondentes aos rexistros industriais, e aos procesos vinculados a regulación e soporte da actividade industrial.
- Desenvolvemento dos sistemas de información para a xestión electrónica das actividades correspondentes ao ámbito do sector turístico.
- Especialización da sede electrónica na relación co sector empresarial e industrial. Constitución da xanela única empresarial

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Rexistros de industrias, enerxía e minas.*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Consellería de Economía e Industria.  
- Actualización do web temático da Consellería.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Rexistros de industrias, enerxía e minas.*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

- Ampliación do sistema de xestión dos procedementos da directiva de servizos de industria. Implantación do novo módulo de xestión das oficinas de control autorizadas.
- Análise da posta en marcha de un modelo único de rexistro de entidades con actividade económica de Galicia (industrias, empresas, comerciantes, ...) orientado a simplificación da relación do sector coa administración pública.
- Análise de situación e necesidades da SX de Minas.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Sistemas para a xestión, promoción e dinamización do comercio galego.*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Dirección Xeral de Comercio.

- Desenvolvemento do novo Rexistro de Comercio.
- Estudo de integración na infraestrutura corporativa do “Portal do Comerciante Galego” dentro da Rede de Dinamización Comercial (REDIC).

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Plataforma de innovadores.*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Axencia Galega de Innovación.

- Posta en marcha de plataforma de innovación galega (PINNG).

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Plataforma de innovadores.*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos do Instituto Galego de Consumo.

- Actualización do sistema de xestión das Oficinas de Consumo.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas



■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

*Impulso da relación telemática co sector empresarial, comercial e industrial*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Directiva de servizos	Número de procedementos integrados no sistema
→ Rexistro Galego de Comercio	Desenvolvemento do rexistro galego de comercio
→ PINNG	Posta en marcha de plataforma de innovadores

## ***Modernización dos sistemas de información de xestión ambiental***

---

Este programa enmarcase dentro do Obxectivo estratéxico 1 que ten como finalidade a posta a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que á súa vez permitan o aumento na súa calidade de vida.

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información relacionadas coa xestión dos residuos e dos solos contaminados, a coordinación e a avaliación ambiental, e a meteoroloxía. A devandita modernización permitirá a mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidas aos usuarios.

Entre as súas actuacións/proxectos específicos están:

- Mellora na xestión dos residuos urbanos e non urbanos de Galicia
- Mellora na xestión da información ambiental
- Consolidación dos sistemas de predición e información meteorolóxica e ambiental.

### ■ ***Áreas de actuación, proxectos:***

***Denominación:*** *Mantemento e evolución dos sistemas de información de residuos de Galicia*

***Descrición/obxectivo:*** Os sistemas de información de residuos de Galicia (SIRGA), de residuos urbanos de Galicia (SIRGARU), permiten realizar a xestión das operacións realizadas con distintos tipos de residuos por parte dos axentes do sector. O seu mantemento en condicións de operatividade permiten que ditas empresas podan operar, e que a administración realice o control que ten encomendado. Tamén, e namentres non se desenvolva un novo sistema adaptado a nova linguaxe de comunicación de datos de carácter ambiental e a lei de residuos e solos contaminados de 2011, deben incorporarse a este sistemas algunhas funcionalidades necesarias nese período transitorio.

***Unidade responsable:*** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución do sistema de información medioambiental*

**Descrición/obxectivo:** Os sistemas de información medioambiental permiten a xestión de procedementos nos ámbitos da coordinación e a avaliación ambiental, destacando: presentación telemática do autodiagnóstico ambiental, a xestión das inspeccións ambientais, o seguimento das autorizacións ambientais integradas, o seguimento ambiental das instalacións industriais, ... A operativa destes procesos require que os sistemas que lles dan soporte se manteñan en estado operativo e adaptados aos requisitos legais e procedimentais do momento.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución do sistema de información de calidade do aire e Meteogalicia*

**Descrición/obxectivo:** Os sistemas de información de predición e difusión de información meteorolóxica e ambiental, son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento do novo Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA2)*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento dun novo Sistema de Información de Residuos de Galicia que permita a adaptación dos procedementos ao estándar E3L de intercomunicación dos datos de carácter ambiental con outras comunidades e coas empresas, ademais de contemplar os novos requisitos motivados pola lei de 2011 de residuos e solos contaminados.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Modernización dos sistemas de información de xestión ambiental</i>	
<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Mantemento e evolución dos sistema de información de residuos de Galicia	Documentos de traslado emitidos Traslados de residuos
→ Mantemento e evolución do sistema de información medioambiental (SIMCA)	Autorizacións tramitadas a empresas
→ Desenvolvemento do novo Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA2)	Estado do sistema

## **Plan e-Xustiza**

---

Se sitúa no obxectivo estratéxico 1 que tenta pór a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que á súa vez permitan o aumento na súa calidade de vida.

Este plan busca dar solución as actuais dificultades coas que se atopan os profesionais do eido xudicial no uso das novas tecnoloxías e, ao mesmo tempo, dar resposta ás necesidades que establece a Nova Oficina Xudicial.

As súas actuacións/proxectos específicos serán, no ámbito da xustiza en Galicia:

- O despregamento de infraestrutura e sistemas necesarios para implantar a administración electrónica en Xustiza.
- A dotación de medios tecnolóxicos para o desempeño da actividade.
- A creación do expediente xudicial electrónico.
- A dotación de sistemas de información para o apoio a actividade dos diferentes colectivos da administración de xustiza: órganos xudiciais, fiscalía, Imelga.
- A adecuación a normativa de protección de datos.
- A creación de cadros de mando que faciliten o seguimento e control da calidade.
- A cooperación e fomento da interoperabilidade entre as diferentes administracións.
- O desenvolvemento de servizos aos cidadáns, aos colectivos de profesionais, e aos funcionarios da administración de Xustiza en Galicia.
- A promoción das actividades de formación no eido das TIC.
- Dotación de medios tecnolóxicos para o desempeño da actividade
- Posta en marcha do sistema de notificación telemáticas LEXNET con diversos colectivos.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Renovación Almacenamento Xulgados*

**Descrición/obxectivo:** Renovación almacenamento xulgados.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Servidores para sedes xudiciais*

**Descrición/obxectivo:** Adquisición de servidores orientados á substitución de equipos obsoletos nas sedes xudiciais.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Migración tecnolóxica do sistema de xestión procesal Minerva*

**Descrición/obxectivo:** Actualización, de forma aliñada co Ministerio de Justicia, da base tecnolóxica do sistema de xestión procesal Minerva. Actualización das 49 sedes xudiciais das ferramentas de base do sistema de xestión e das actualizacións funcionais.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Medios de posto de traballo en sedes xudiciais*

**Descrición/obxectivo:** Dotación de medios en posto de traballo para o desenvolvemento da actividade xudicial.

- Posta en marcha da renovación integral de sistemas de impresión, mediante un sistema de renting nos equipos de órgano xudicial e renovación das impresoras persoais.
- Continuación co proceso de actualización de posto de traballo. Integración no modelo de xestión corporativo.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Plan de renovación de sistemas de gravación de vistas nas salas de vistas*

**Descrición/obxectivo:** Renovación da dotación tecnolóxica das salas de vistas da administración de Xustiza en Galicia, integrando a sinatura dixital na elaboración da acta xudicial. Novo modelo tecnolóxico de salvagarda das gravacións de vistas.

Se executa no marco do convenio de colaboración Ius+Red, asinado co Ministerio de Justicia e Red.es

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Evolución de sistemas de información para a xestión*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento e evolución de sistemas de información para ámbitos de xestión.

- Sistema de asistencia xurídica gratuíta e rexistro de parellas de feito.
- Integración do circuío electrónico na tramitación de procesos de xestión de persoal.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Acreditación dixital e control horario*

**Descrición/obxectivo:** Implantación completa do programa Kronos en sedes xudiciais.

- Finalización do proceso de acreditación dixital do funcionario da Administración de Xustiza en Galicia.
- Integración dos órganos xudiciais no sistema de fichaxe en posto de traballo Kronos.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Comunicacións telemáticas*

**Descrición/obxectivo:** Consolidación de Lexnet como ferramenta.

- Integración en Lexnet de novos colectivos, entre eles a Dirección Xeral de Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.
- Posta en marcha da presentación de escritos de tramitación dende a avogacía do estado.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Formación*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento do modelo formativo baseado na creación de espazos virtuais de colaboración e titorizaxe. Posta en marcha das comunidades virtuais de aprendizaxe.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Servizos cara os colexios profesionais e cidadáns*

**Descrición/obxectivo:** posta en marcha do portal eXustiza. Publicación da guía de sedes xudiciais, axenda de sinalamento de vistas, e formularios de presentación de escritos.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Cooperación institucional*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento de mecanismos de cooperación con outras institucións para o desenvolvemento e utilización das tecnoloxías da información.

- Sinatura do convenio de desenvolvemento dos sistemas de información entre a Xunta de Galicia, Red.es e o Ministerio de Xustiza, para a construción colaborativa dun novo sistema de xestión procesual.
- Promoción do uso da videoconferencia coas institucións penitenciarias, en base ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Ministerio de Justicia e Ministerio do Interior.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *III Xornada Informática Xudicial*

**Descrición/obxectivo:** Transmitir á sociedade a relación existente entre a informática e o ámbito xudicial, tanto pola natureza dos delitos como polas ferramentas para a súa investigación, persecución e condena; así como poñer de manifesto os últimos avances nesta materia.

Poñer a disposición do ámbito xudicial e xurídico de Galicia relatorios de expertos nacionais e/ou internacionais que informen da realidade e experiencias en canto á relación da informática co seu entorno. Así mesmo, establecer un punto de encontro periódico que permita reunir e fomenta o debate entre os diferentes interlocutores (maxistrados, xuíces, avogados, fiscais, peritos).

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 co [Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos de Informática de Galicia](#).

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital



■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Plan e-Xustiza</i>	
<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ sistema de notificacións electrónicas	% de órganos xudiciais con Implantación e uso do sistema LEXNET para a notificación electrónica de comunicacións dende os órganos xudiciais a diferentes colectivos. Inclúe a integración da DX de Asesoría Xurídica
→ Acreditación dixital do emprego público	% de empregados públicos acreditados dixitalmente da administración de xustiza en Galicia con certificado de emprego público e tarxeta corporativa
→ Fichaxe en posto de traballo	% de órganos xudiciais nos que está implantado o sistema de fichaxe en posto de traballo (Kronos)
→ Plan de renovación de sistemas de gravación de vistas.	Número de salas nos que se renova o sistema de gravación de vistas e se integra con sinatura dixital.
→ Servizos ao cidadán	Publicación en Internet da guía de órganos xudiciais
→ Formación	Actividades de formación ou de dinamización nas comunidades virtuais de aprendizaxe.
→ Posto de traballo	Instalación e renovación do equipamento en posto de traballo. % de equipos con antigüidade inferior a 7 anos
→ Renovación do sistema de impresión	% de órganos xudiciais integrados no modelo de impresión en modalidade de renting.
→ Sinatura de convenios	Sinatura do convenio de colaboración entre Xunta de Galicia, Ministerio de Justicia e Red.es para o desenvolvemento de xeito colaborativo dun novo sistema de xestión procesual.

## ***Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar***

---

Este programa enmarcase dentro do obxectivo estratéxico 1 que ten como finalidade a posta a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que á súa vez permitan o aumento na súa calidade de vida.

O alcance do presente programa abrangue as actuacións tecnolóxicas no ámbito dos Servizos Sociais de Galicia (política social, familia, xuventude, inclusión, voluntariado, ...).

En base á súa finalidade, definíronse as seguintes **actuacións/proxectos** para o programa:

- Mellorar a atención integral das persoas beneficiarias, compartindo en rede toda a información entre os centros de atención, traballadores/as sociais, centros de saúde, e profesionais asistenciais.
- Mellorar a administración das prestacións, simplificando trámites, reducindo prazos de tramitación, compartindo información e recursos entre todas as administracións.
- Mellorar as capacidades de planificación e de análise da sostibilidade do sistema de servizos sociais.
- Mellorar a tramitación no procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e grado de discapacidade a través do emprego das TIC.
- Desenvolver un instrumento de planificación estratéxica (plan de sistemas) que estructure as actuacións tecnolóxicas futuras segundo as necesidades globais dos actores do sistema de servizos sociais.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Aprobación do Plan de Modernización dos Servizos Sociais*

**Descrición/obxectivo:** O Plan de Modernización dos Servizos Sociais constitúe un instrumento de planificación estratéxica (plan de sistemas) que estrutura as actuacións tecnolóxicas futuras segundo as necesidades globais dos actores do sistema de servizos sociais.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución do Sistema integrado galego de atención á dependencia (SIGAD) e do Expediente Dixital*

**Descrición/obxectivo:** A esixencia crecente nas tipoloxías de servizo deste sistema de información, e en particular nas relativas ao control da información remitida aos sistemas do IMSERSO, das que depende o financiamento estatal da dependencia en Galicia, fan que o mantemento operativo e a evolución dos sistemas de información relativos a tramitación da dependencia para a súa adaptación as crecentes necesidades de negocio, os cambios lexislativos e nos procedementos do servizo sexan críticos

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución dos sistemas que dan soporte as Pensións non contributivas (PNC) e as Axudas a colectivos en risco de exclusión social (RISGA)*

**Descrición/obxectivo:** Debido a factores como a tramitación da nova lei relacionada cos colectivos en risco de exclusión social, o incremento exponencial no número de solicitantes de dita prestación, e o incremento da dotación orzamentaria nesta partida, e a relevancia social para a cidadanía de ambas actuacións (PNC e RISGA) faise necesario ao reforzo e evolución dos sistemas que dan soporte a xestión de ditas prestacións, para a súa adaptación aos novos escenarios.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución da Plataforma tecnolóxica que da soporte ao Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal (065)*

**Descrición/obxectivo:** Os sistemas tecnolóxicos que dan soporte a dito servizo permiten a súa operación e funcionamento diario, polo que o mantemento operativo e fundamental para a prestación do servizo. Ademais é necesario evolucionar a plataforma para adaptala as transformacións xurdidas das crecentes necesidades de negocio, os cambios nos procedementos do servizo e no seu financiamento.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución do sistema de información que da soporte ao Plan Concertado*

**Descrición/obxectivo:** Os sistemas tecnolóxicos que dan soporte a dito servizo permiten a xestión desta liña de financiamento das actividades sociais dos concellos. O obxectivo desta actuación é manter operativo dito sistema e adaptalo os cambios nos procedementos do servizo e no seu financiamento.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento do sistema de tramitación do procedemento de Discapacidade (CDI)*

**Descrición/obxectivo:** Posta en funcionamento do sistemas de información que da soporte a tramitación do procedemento de recoñecemento da discapacidade

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución do sistema de información que da soporte a campaña de verán de Xuventude*

**Descrición/obxectivo:** Mantemento e evolución do sistema de información que da soporte a campaña de verán de Xuventude

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento de sistemas que dan soporte á xestión*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento do sistema de información:

- De xestión para os Puntos de Encontro Familiar adaptado ao novo Decreto en elaboración

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Implantación e mantemento de sistemas que dan soporte á xestión*

**Descrición/obxectivo:** Implantación e mantemento de varios sistemas de información:

- De xestión de contratos de prazas en centros concertados.
- De xestión de ingresos en centros de maiores (NCIM)
- De xestión da actividade dos equipos de inclusión (PGISII)
- Do rexistro unificado de maltrato infantil (RUMI)
- De autoxestión de centros socio-comunitarios (SGCS)
- De xestión de carnés (carné xove, ...)

- De xestión de gabinetes de orientación familiar e mediación intra xudicial
- De xestión do recoñecemento do dereito a ser usuario do Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal
- De xestión da ficha de menor en centros de menores (XECEME)

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento do sistema Integrado de xestión de centros residenciais*

**Descrición/obxectivo:** Análise dos requisitos para o desenvolvemento dun sistema integrado para a xestión de centros residenciais Consellería de Traballo e Benestar.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento dun sistema de xestión centralizada da admisión a escolas infantís*

**Descrición/obxectivo:** Análise dos requisitos para o desenvolvemento dun sistema de xestión centralizada da admisión a escolas infantís da Consellería de Traballo e Benestar e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

**Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar**

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Plan de Modernización dos Servizos Sociais	Estado do Plan
→ Mantemento e evolución do Sistema integrado galego de atención á dependencia (SIGAD) e do Expediente Dixital	Incorporación dos módulos funcionais: Revisións, Nómina
→ Mantemento e evolución do sistema de información que da soporte ao Plan Concertado	Adaptación á normativa
→ Desenvolvemento do sistema de tramitación	Posta en funcionamento do

*Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
do procedemento de Discapacidade (CDI)	sistema
→ Mantemento e evolución da Plataforma tecnolóxica que da soporte ao Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal (065)	Incorporación do perfil: Entidade de transporte
→ Implantación dun sistema integrado de xestión de centros residencias	Estado do sistema
→ Implantación dun sistema de xestión centralizada da admisión a escolas infantís	Estado do sistema

## ***Modernización dos sistemas de información relacionados co emprego, coa formación e co fomento da contratación***

---

Este programa enmarcase dentro do obxectivo estratéxico 1 que ten como finalidade a posta a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que á súa vez permitan o aumento na súa calidade de vida.

O alcance do presente programa recolle aproveitamento das posibilidades das TIC para a mellora da xestión e eficacia das políticas activas de emprego.

En base á súa finalidade, definíronse os seguintes **actuacións/proxectos** para o programa:

- Simplificar e mellorar a eficacia dos procesos relacionados coa intermediación laboral e coa orientación, incorporando novos servizos telemáticos cara as persoas e empresas e fomentando o uso do Portal de Emprego e da rede de Puntos de Información.
- Mellorar os procesos de selección e de adecuación da oferta formativa para o emprego ás necesidades do mercado, simplificando a xestión e colaboración coas entidades de formación, mediante a renovación e mellora dos sistemas de xestión existentes.
- Mellorar a eficiencia e eficacia na xestión dos programas de fomento da contratación xestionados pola Xunta incorporando o uso de servizos telemáticos na relación cas empresas e entidades e mellorando e renovando os sistemas de xestión internos.

### ***Áreas de actuación, proxectos:***

***Denominación:*** *Mantemento, operativa e evolución dos sistemas corporativos de intermediación laboral*

***Descrición/obxectivo:*** O sistema de intermediación laboral é a peza central na área das políticas de fomento do emprego e da contratación de Galicia, e na relación co *Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE)*. O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación, así como a explotación e obtención dos datos mensuais sobre a evolución da contratación e do desemprego en Galicia

son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento, operativa e evolución dos sistemas de orientación laboral*

**Descrición/obxectivo:** O sistema de orientación laboral é peza clave na relación entre o orientador laboral e o demandante de emprego. O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego, que inclúe a xestión das convocatorias, a xestión do alumnado, a xestión económica e a integración coa área de demandantes e o SEPE.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento do sistema de información de xestión do Rexistro Galego de Cooperativas*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento dun novo sistema de información que permita a xestión do Rexistro Galego de Cooperativas

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais



■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Modernización dos sistemas de información relacionados co emprego, coa formación e co fomento da contratación</i>	
<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Mantemento, operación e evolución dos sistemas de corporativos de intermediación laboral	Renovacións de demanda por medios telemáticos
→ Mantemento, operativa e evolución dos sistemas de orientación laboral	Número de solicitudes de formación realizadas telemáticamente
→ Desenvolvemento e operación do sistema de información de formación para o emprego	Posta en funcionamento do sistema
→ Desenvolvemento do sistema de información de xestión do Rexistro Galego de Cooperativas	Estado do sistema

## ***Modernización dos sistemas de información relacionados co xestión académica no sistema educativo***

---

Este programa enmarcase dentro do obxectivo estratéxico 1 que ten como finalidade a posta a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que á súa vez permitan o aumento na súa calidade de vida.

O alcance do presente programa recolle o desenvolvemento de servizos e instrumentos que permitan a mellora, tanto da explotación como da xestión da información en poder da administración.

En base á súa finalidade, definíronse as seguintes **actuacións/proxectos** para o programa:

- Desenvolvemento de sistemas para a xestión académica e administrativa intelixente
- Desenvolvemento de sistemas para o soporte á toma de decisións

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Mantemento, operativa e evolución dos sistemas de información corporativos do sistema educativo*

**Descrición/obxectivo:** Os sistemas de información corporativos do sistema educativo son a peza central na xestión dos procesos administrativos e educativos (alumnado, profesorado, ensinanza, programas, axudas, orzamentos, ...) no sistema educativo de Galicia. O mantemento en condicións operativas e a evolución para a súa adaptación aos cambios nos procedementos dos servizos e na lexislación, así como a explotación e obtención dos datos sobre a evolución dos distintos parámetros do sistema educativo en Galicia son indispensables para o normal desenvolvemento do proceso educativo.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Soporte e atención tecnolóxica aos centros educativos públicos*

**Descrición/obxectivo:** Prestarase aos centros educativos de ensinanza non universitarias e aos usuarios de sistemas de información e tecnoloxías de ditos centros servizos de atención presencial e remota en ámbitos como: soporte a implantación e uso das aplicacións e sistemas

corporativos, soporte aos procesos educativos apoiados en sistemas ou tecnoloxías, mantemento de sistemas, elementos de comunicación e equipamentos corporativos, ...

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Implantación dun sistema de análise da información educativa e soporte á toma de decisións*

**Descrición/obxectivo:** Análise dos requisitos para o desenvolvemento dun sistema de análise da información educativa e soporte á toma de decisións

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Implantación dun sistema de xestión centralizada da admisión a ensinanzas regradas (Infantil, Primaria, Secundaria)*

**Descrición/obxectivo:** Análise dos requisitos para o desenvolvemento dun sistema de xestión centralizada da admisión a ensinanzas regradas (Infantil, Primaria, Secundaria)

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa se amosan no seguinte cadro:

*Transformación da educación a través da integración das TIC*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Soporte e atención tecnolóxica aos centros educativos públicos	Chamadas atendidas Incidencias atendidas
→ Modernización dos sistemas de información	Evolución dos informes a unha solución baseada en sw libre Número de documentos xerados de xeito automático e asinados dixitalmente
→ Implantación dun sistema de análise de información educativa	Estado do sistema
→ Implantación dun sistemas de xestión centralizada da admisión a ensinanzas regradas	Estado do sistema

## ■ **Obxectivo 2 – Administración Eficiente**

## Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

---

Este programa enmárcase dentro do obxectivo estratéxico 2 que trata de transformar, mediante o uso axeitado das TIC, a Administración Pública Autónoma,

As súas actuacións/proxectos específicos son:

- A consolidación dos centros de proceso de datos da Xunta.
- Implementación dun centro de respaldo de servizos.
- Estudo , selección e implantación de ferramentas de xestión corporativas.
- A modernización e consolidación da infraestrutura de soporte e atención ao usuario (CAU).
- Xestión, evolución e administración do posto de traballo. Implantación de ferramentas que melloren a dispoñibilidade, seguridade e sostibilidade do posto de traballo.

### ■ Áreas de actuación, proxectos:

#### **Denominación:** Entrega CPDi

**Descrición/obxectivo:** Finalización da construción do Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia en Fase I.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

#### **Denominación:** Equipamento de comunicacións

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha de novo equipamento de comunicacións especializado para o centro de proceso de datos integral.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

#### **Denominación:** Adquisición de grupo electrógeno para o CPDi

**Descrición/obxectivo:** Adquisición dun grupo electrógeno para o CPDi con capacidade suficiente para soportar o funcionamento do CPDi a plena carga.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Adquisición dunha librería de cintas virtuais para copias seguridade CPD de respaldo*

**Descrición/obxectivo:** Adquisición do equipamento necesario para a replicación das cintas virtuais almacenadas na VTL da que dispón actualmente a Amtega nun CPD de respaldo para a recuperación de desastres, eliminando así a necesidade de realizar segundas copias en cintas físicas.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Ampliación de sistemas de almacenamento e de copias de seguridade*

**Descrición/obxectivo:** Ampliación de diversos sistema de almacenamento e de copias de seguridade para homoxeneizar e consolidar sistemas existentes.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Servidores para sistemas críticos*

**Descrición/obxectivo:** Adquisición de servidores orientados á consolidación e homoxeneización de de sistemas críticos.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Librería LTO corporativa*

**Descrición/obxectivo:** Adquisición dunha librería LTO corporativa orientada á consolidación e homoxeneización dos sistemas existentes de copias de seguridade.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *servizo único de xestión do posto de traballo.*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha dentro do centro de servizos a usuarios do modelo único de xestión, evolución e administración do posto de traballo. Implantación de ferramentas que melloren a dispoñibilidade, seguridade e sostibilidade do posto de traballo. Distintas actuacións neste ámbito:

- Licitación e posta en marcha dos sistemas corporativos para a xestión de posto de traballo: inventariado, xestión remota, distribución de software e antivirus.
- Posta en marcha do sistema único de inventario de posto de traballo e medios no posto.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Plan de migración de posto de traballo a software libre.*

**Descrición/obxectivo:** En liña coa estratexia da Xunta de Galicia de evolución cara o software libre, realizarase o estudo de viabilidade do plan de migración ao software libre no posto de traballo. Posta en marcha do plan de migración naqueles ámbitos nos que sexa viable.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Plan de virtualización de postos de acceso libre dispoñibles nos edificios da administración pública.*

**Descrición/obxectivo:** En liña coa mellora da prestación de servizos, mellora da sostibilidade de posto de traballo se porá en marcha a renovación dos postos de acceso libre en bibliotecas, rexistros e outras dependencias, baseado nunha arquitectura de virtualización de posto de traballo e software libre.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Arrendamento de impresión.*

**Descrición/obxectivo:** Licitación dunha primeira fase do sistema de arrendamento de impresión en diversos departamentos da administración pública.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Renovación do posto de traballo.*

**Descrición/obxectivo:** Renovación do 5% dos postos de traballo, segundo criterios de antigüidade.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Mantemento do servizo de atención ao usuario*

**Descrición/obxectivo:** Integración e xestión do servizo de atención ao usuario, de todas as consellerías integradas na Amtega, correspondentes ao ámbito administrativo.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa se amosan no seguinte cadro:

<i>Consolidación e homoxeneización da infraestrutura</i>	
<i>Acción</i>	<i>Indicadores asociados</i>
→ Consolidación e homoxeneización da infraestrutura	% Dispoñibilidade da rede de sistemas de comunicacións na Xunta de Galicia
→ Xestión dos posto de traballo	Número de equipos (PCs e impresoras) supervisados
→ Xestión dos posto de traballo	Número de equipos (PCs e impresoras) supervisados
→ Ferramentas de xestión de posto de traballo	Adquisición corporativa dos sistemas para o inventario, xestión remota, distribución de software e antivirus.
→ Arrendamento de impresión	Número de equipos de impresión baixo a modalidade de renting.
→ Soporte e atención aos usuarios	Nº de CAUs de referencia no ámbito administrativo de actuación da Amtega
	% de chamadas atendidas
	% de incidencias resoltas en 24 horas
	Nº de contactos (incidencias, peticións, consultas) recollidas nos sistemas de help-desk



## ***Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC***

---

Se sitúa no obxectivo estratéxico 2 que tenta transformar mediante un uso axeitado das TIC, a administración pública Autonómica coa finalidade de mellorar a calidade de prestación dos servizos públicos, a garantía dos principios de eficiencia, eficacia, calidade e sustentabilidade.

A finalidade deste programa é a centralización de compras de activos e de servizos TIC, a consolidación de contratos en servizos agregados de volume, e a monitorización económica de demandas, subministracións e medición.

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Unificación de licenzas de diversos recursos de xestión documental*

**Descrición/obxectivo:** Acordos corporativos para a contratación corporativa dos servizos de acceso aos repositorios xurídicos de uso habitual na administración pública de Galicia.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Unificación dos sistemas de xestión de posto de traballo.*

**Descrición/obxectivo:** Adquisición corporativa dos sistemas para o inventario, xestión remota, distribución de software e antivirus.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Consolidación de contratos de atención ao usuario (segundo ámbitos)*

**Descrición/obxectivo:** Contratos corporativos para a atención ao usuario.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Consolidación de contratos de xestión de posto de traballo (segundo ámbitos)*

**Descrición/obxectivo:** Contratos corporativos para a xestión de posto de traballo.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Unificación mantemento licencias xestor de base de datos*

**Descrición/obxectivo:** Consolidación mantemento licencias xestor de base de datos, servidor de aplicacións, con licencias ilimitadas e redución do gasto en mais de un 30%.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Unificación contratos de administración de sistemas consellerías da Xunta*

**Descrición/obxectivo:** Consolidación de contratos de administración de sistemas, con obxecto de homoxeneizar procedementos, consolidar sistemas e mellorar a eficiencia do gasto TIC.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Acordo corporativo de produtos Microsoft*

**Descrición/obxectivo:** Consolidación do mantemento de licencias de produtos Microsoft.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Consolidación de contratos de Mantemento de hardware de sistemas*

**Descrición/obxectivo:** Consolidación de contratos de mantemento de hardware de sistemas con obxecto de homoxeneizar procedementos e mellorar a eficiencia do gasto TIC.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Consolidación de contratos de mantemento de software*

**Descrición/obxectivo:** Consolidación de contratos de mantemento de software con obxecto de homoxeneizar procedementos, consolidar sistemas e mellorar a eficiencia do gasto TIC.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Conexión do CPDi á central de frío da Cidade da Cultura*

**Descrición/obxectivo:** Conexión á central de frío da Cidade da Cultura para dotar de redundancia ao sistema de climatización do CPDi e mellorar a eficiencia enerxética, e diversas actuacións para mellorar a dispoñibilidade do CPDi:

- Acondicionamento dun local para almacenar os armarios ignífugos onde se gardan as cintas de backups.
- Dotar de redundancia ao sistema de control do CPDi

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa se amosan no seguinte cadro:

<i>Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC</i>	
<i>Acción</i>	<i>Indicadores asociados</i>
<b>Acordos corporativos</b>	
→ Acordos corporativos	Sistemas de bases de datos xurídicas (WestLaw e La Ley) agrupadas nun único contrato e dispoñibles para a Administración xeral de Galicia, entidades instrumentais do sector público autonómico e EELL
	Antivirus corporativo unificado e integral para a Administración xeral de Galicia, entidades instrumentais do sector público autonómico

## ***Instauración de políticas de seguridade da información***

---

Con este programa preténdese reforzar a confianza do cidadán nos procesos telemáticos realizados coa administración e optimizar os gastos en seguridade adecuándoos aos riscos.

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade*

**Descrición/obxectivo:** Proxecto de valoración dos servizos e da información xestionados na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, e implantación das medidas de seguridade descritas no RD 3/2012 polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Xestión de políticas de acceso físico e lóxico*

**Descrición/obxectivo:** Establecemento, definición e implantación de políticas de control de acceso físico e lóxico aos sistemas de información da Amtega co fin de asegurar o cumprimento da lexislación aplicable.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Posta en marcha dunha plataforma de cifrado corporativa*

**Descrición/obxectivo:** Instalación dunha plataforma de cifrado que garanta a confidencialidade da información que así o precise. O proxecto abarca o cifrado de ordenadores persoais, carpetas e arquivos, dispositivos móbiles e mensaxes de correo.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Sistema de correlación de logs*

**Descrición/obxectivo:** Adopción dun sistema que permita reforzar a seguridade lóxica dos sistemas de información da Amtega, permitindo unha auditoría eficaz dos eventos sospeitosos detectados na infraestrutura e nas aplicacións.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Instauración de políticas de seguridade da información</i>	
<i>Acción</i>	<i>Indicadores asociados</i>
→ Instauración de políticas de seguridade da información	Nº de consellerías con control de acceso lóxico unificado aos sistemas de información
	% de estacións de traballo con antivirus corporativo
	Proxecto de xestión de políticas de control de acceso
	Nº de dispositivos co cliente de cifrado instalado
	% de servizos ou aplicacións que superen o test de vulnerabilidade á primeira
	Nº de equipos que acceden a rede corporativa con control de acceso

## Impulso ao software libre

---

Este programa se enmarca no obxectivo estratéxico 2, que ten como finalidade dotar á cidadanía das competencias e recursos para participar activamente no desenvolvemento da Sociedade da Información. mellora dos servizos prestados así como accións de formulación e execución de políticas que promovan a penetración das TIC na sociedade e o seu acceso a todos os axentes sociais.

Está baseado na promoción, difusión e fomento da utilización de tecnoloxías baseadas en software libre e de fontes abertas (FLOSS).

As súas actuacións/proxectos específicos son:

- Impulsar unha oferta de solucións baseada en FLOSS de calidade.
- Promover a implantación efectiva dos estándares abertos.
- Fortalecer os mecanismos de formación e difusión dos modelos baseados en FLOSS e as súas vantaxes competitivas.

### ■ Áreas de actuación, proxectos:

**Denominación:** *Plan FLOSS 2013*

**Descrición/obxectivo:** Implantación da estratexia de software libre e de código de fontes abertas. Desenvolve actuacións e actividades dirixidas a acadar en Galicia un maior uso do FLOSS nos ámbitos da Administración Pública, da Cidadanía e da Empresa, mantendo a colaboración cos axentes FLOSS galegos así como co CENATIC, coa intención de xuntar esforzos e executar unha estratexia global e integradora de forma coordinada cos medios da Oficina de Coordinación FLOSS.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Plan de migración de posto de traballo a software libre.*

**Descrición/obxectivo:** En liña coa estratexia da Xunta de Galicia de evolución cara o software libre, realizarase o estudo de viabilidade do plan de migración ao software libre no posto de traballo. Posta en marcha do plan de migración naqueles ámbitos nos que sexa viable.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa se amosan no seguinte cadro:

<i>Plan FLOSS 2013</i>	
<i>Acción</i>	<i>Indicadores asociados</i>
→ Impulso ao Software libre	Nº de proxectos de software liberados na forxa Nº de solucións FLOSS no mapa TIC Nº de solucións TIC FLOSS presentadas no CDTIC

### ■ **Obxectivo 3 – Cidadanía Dixital**



## ***Transformación da educación a través da integración das TIC*** ***- Proxecto Abalar***

---

Este programa enmarcase dentro do obxectivo estratéxico 3 polo que se trata de dotar á cidadanía das competencias e recursos para participar activamente no desenvolvemento da Sociedade da Información.

Este programa pretende **a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia**, como unha das áreas prioritarias de intervención do executivo galego e ten como obxectivo chegar aos centros sostidos con fondos públicos de Galicia que imparten 5º e 6º de Primaria ou 1º e 2º de ESO durante os próximos anos, e para iso levará a cabo un proceso de cambio no que converxerán de forma coordinada e aliñada os seguintes eixos sobre os que se desenvolve o proxecto.

- Equipamento e infraestruturas, garantindo a dotación e o mantemento da infraestrutura TIC en todos os centros, facilitando a conversión dos centros educativos tradicionais en Centros Educativos Dixitais (CED), con especial atención a sostibilidade, a escalabilidade, a atención a diversidade e atención educativa domiciliaria e hospitalaria.
- Contidos educativos, dotando ao profesorado, así como ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais, por medio do Repositorio de Contidos Educativos, e da plataforma de recursos educativos
- Desenvolvemento de sistemas para a xestión da aprendizaxe e dos recursos educativos.
- Integración e participación, achegando a educación aos cidadáns e involucrando ás familias na educación dos/as fillos/as, promovendo o desenvolvemento das TIC no ámbito educativo, convidando á participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar así como fomentando a participación colaborativa da comunidade educativa, incorporando como peza fundamental o Repositorio de Contidos Educativos de Galicia.
- Formación e fomento da cultura dixital, dando resposta ás necesidades do profesorado e das familias para acadar a plena integración das TIC no sistema educativo.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

■ **Denominación: Proxecto Abalar**

**Descrición/obxectivo:** A través deste proxecto acadarase a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia. Este plan busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino que suporá a conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais (CED).

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación: Dotación de equipamento informático e comunicacións aos centros educativos públicos**

**Descrición/obxectivo:** Dotación aos centros educativos públicos de ensinanzas non universitarias das comunicacións internas e de acceso a Rede Corporativa da Xunta de Galicia, e do equipamento micro-informático (ordenadores persoais, portátiles, encerados dixitais, proxectores, servidores de centros, ...) tanto nas dependencias administrativas como nas educativas.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa se amosan no seguinte cadro:

**Transformación da educación a través da integración das TIC**

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Dotación de equipamento informático e comunicacións aos centros educativos públicos	Velocidade media da conexión a rede corporativa dos centros educativos
→ Desenvolvemento do Proxecto Abalar	Nº de centros educativos beneficiados pola integración das TIC
	Nº de aulas beneficiadas pola integración das TIC
	Nº de alumnos beneficiados pola integración das TIC
	Nº de accesos ao portal espazoAbalar
	Nº de recursos educativos descargados

## ***Programa de acreditación de competencias dixitais***

---

Terá a finalidade de garantir que o conxunto da poboación galega teña a posibilidade de ser competente dixitalmente para mellorar o acceso ao emprego de calidade, así como certificar as competencias dixitais mediante un sistema de acreditación que poida ser recoñecido polo sector público e polo sector privado.

Os proxectos que o desenvolven neste ano serán:

- Coordinación e desenvolvemento de programas de formación no ámbito TIC para os traballadores da administración pública.

### ■ ***Áreas de actuación, proxectos:***

***Denominación:*** *Plan de Formación aos Empregados Públicos*

***Descrición/obxectivo:*** Xornadas para formar aos profesionais en informática da administración pública na incorporación de metodoloxías e o coñecemento de técnicas que poidan incorporar ao seu traballo obtendo resultados cuantificables, aportando deste xeito calidade ao traballo diario e permitindo orientar a visión do seu traballo de cara á aportación de valor ao negocio ao cal dan servizo e sen o cal a súa profesión carecería de sentido.

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 co [Colexio Profesional de Enxeñeiros de Informática de Galicia](#).

***Unidade responsable:*** Área de Sociedade Dixital

## **Rede CeMIT**

---

Esta iniciativa encádrase no obxectivo estratéxico 3 polo que se trata de dotar á sociedade das competencias e recursos para participar activamente no desenvolvemento da Sociedade da Información.

Esta iniciativa foi posta en marcha para impulsar a Sociedade da Información na comunidade autónoma galega e ofrece un amplo abano de servizos para potenciar o uso das TIC entre a poboación, así como a contribuír a impulsar o emprego e a competitividade empresarial.

O seu obxectivo é difundir os coñecementos e prácticas no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, en especial nos lugares e colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, de xeito que contribúan a:

- Vertebrar territorial e socialmente Galicia grazas á creación de condicións de acceso igualitario ás TIC de servizos de formación nas TIC como facilitador da procura de emprego.
- Impulsar o crecemento do sector empresarial tradicional a través da formación no uso das novas tecnoloxías como elemento imprescindible para o aumento da súa competitividade.
- Especializar aos profesionais do sector TIC e incrementar a capacidade deste sector de prestar servizos cada vez máis avanzados.
- Potenciar os coñecementos tecnolóxicos do empregado público como garante do éxito do actual esforzo da Xunta de Galicia no impulso da e-administración.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Mantemento Rede CeMIT*

**Descrición/obxectivo:** Esta iniciativa trata de coordinar a todos os axentes (Xunta de Galicia, Deputacións e Concellos ademais de outras entidades como asociacións empresariais) que levan a cabo actuación de difusión en materia tecnolóxica para definir unha estratexia común de divulgación e difusión das novas tecnoloxías acadando así un programa que coordine todas elas e aproveite sinerxías e esforzos dos axentes implicados.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Plan formativo*

**Descrición/obxectivo:** Non todos os colectivos da sociedade galega teñen a mesma facilidade de acceso ás novas tecnoloxías. Barreiras como a idade, os niveis de educación ou a discapacidade favorecen a existencia de grupos de exclusión que ven mermada a súa participación na sociedade da información e do coñecemento. O obxectivo da presente iniciativa consiste na posta en marcha dun programa de accións formativas que se adecúen ás necesidades dos distintos colectivos.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas*

**Descrición/obxectivo:** Promover a supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española, accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 coa **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia**.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *“Uso responsable das Redes Sociais polos menores”*

**Descrición/obxectivo:** Informar e concienciar a pais, nais, titores e sociedade en xeral do bo uso que se pode facer de internet e das redes sociais, cómo convivir con elas, coñecer as ameazas existentes e como anticiparse ou previlas, as ferramentas que teñen á súa man. Ademais, se darán consellos xerais que afectan a seguridade dun equipo doméstico, tanto dende un punto de vista técnico como do sentido común e a súa aplicación á tecnoloxía.

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 co **Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos de Informática de Galicia**.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Curso Práctico de Análise Forense*

**Descrición/obxectivo:** Dotar aos asistentes dos coñecementos e capacidades para poder levar a efecto unha análise forense dixital, tanto no ámbito dos sistemas operativos, como no das aplicacións soportadas.

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 co **Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos de Informática de Galicia**.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación son:

**Rede CeMIT**

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Indicadores xerais	Nº de usuarios da Rede CeMIT Nº de entidades colaboradoras de Rede CeMIT
→ Actuación de Seguimento, Planificación e desenvolvemento de novos cursos formativos	Nº de horas de formación Nº de cursos de formación

## **Programa de Voluntariado Dixital**

---

Esta iniciativa encádrase no obxectivo estratéxico 3 que como xa sinalamos quere dotar á sociedade das competencias e recursos para participar activamente no desenvolvemento da Sociedade da Información.

Esta iniciativa foi posta en marcha co obxectivo de incorporar as novas tecnoloxías á vida cotiá de todos os galegos e galegas mediante a colaboración e compromiso de persoas voluntarias, para fomentar a inclusión social utilizando as novas tecnoloxías como ferramenta.

O Programa de Voluntariado Dixital está impulsado pola Amtega e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado co obxectivo estender a oferta pública de alfabetización dixital á sociedade.

As liñas de actuación do Programa de VOLDIX son as seguintes:

- Tecnoloxía para a inclusión social.
- Interrelación sector TIC – sector de acción social galego: O obxectivo principal desta liña estratéxica é aliñar a oferta e a demanda no ámbito da tecnoloxía social en Galicia, contribuíndo cunha aposta firme pola definición de políticas públicas colaborativas neste senso, as cales se adapten ás necesidades funcionais dos usuarios e usuarias.
- O uso da web 2.0 e as redes sociais nas organizacións sociais.
- Internet e as novas tecnoloxías na procura de emprego.

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** Programa de voluntariado dixital VOLDIX

**Descrición/obxectivo:** Iniciativa rexional de fomento das novas tecnoloxías mediante o voluntariado nas entidades de acción social, entidades colaboradoras e mecenas dixitais.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Proxecto UNIMAIS Tic*

**Descrición/obxectivo:** Liña de voluntariado dixital específica para os estudantes das tres universidades galegas co obxectivo de impulsar a colaboración entre o sector TIC e as universidades no ámbito da TECNOLOXÍA SOCIAL, acercar o mundo de internet e a tecnoloxía social ao sector social a través da xestión dos voluntari@s dixitais e poñer en contacto aos voluntari@s dixitais universitarios cos profesionais do sector TIC para orientalos na súa formación e busca de emprego, co obxectivo final de contribuír ao desenvolvemento da INNOVACIÓN SOCIAL en Galicia, construír un mapa de axentes da innovación social e promover o EMPRENDEMENTO SOCIAL.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Proxecto SOCIALMAIS Tic*

**Descrición/obxectivo:** Proxecto englobado dentro do programa de voluntariado dixital co obxectivo de fomentar a profesionalización do terceiro sector a través das TIC.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Proxecto RSE Tic*

**Descrición/obxectivo:** Proxecto englobado dentro do programa de voluntariado dixital co obxectivo de fomentar a Responsabilidade Social Empresarial (RSE) e a Responsabilidade Social Tecnolóxica (RST).

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Proxecto MAIS Click*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha dun plataforma de crowdfunding liderada pola Amtega coa que se traballe en rede para a consecución de financiamento colectivo nos ámbitos social, saúde, cultural, e tecnolóxico, fundamentalmente, de forma que se contribúa ao desenvolvemento da innovación social (innovación centrada nas persoas, innovación aberta), mediante unha plataforma web de apoio para que as innovacións sociais en Galicia, poidan consolidarse e crecer e construír unha rede de expertos en innovación aberta, redes sociais e marketing 2.0 e crowdfunding que traballen en colaboración e en rede coa sociedade galega.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital



■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación son:

<i>Programa de Voluntariado Dixital</i>	
<i>Acción</i>	<i>Indicadores asociados</i>
→ Programa de voluntariado dixital - VoIDIX	Nº de persoas que colaboran como voluntarios
	Nº de colectivos atendidos por voluntarios dixitais
	Nº de proxectos de inclusión dixital postos en marcha

## ***Modernizar a catalogación e difusión do patrimonio e bens de interese cultural***

---

O obxectivo deste programa é promover as ferramentas tecnolóxicas que garantan un soporte ás necesidades anteriormente descritas para a correcta descrición, conservación e preservación dixital (no seu caso), catalogación, normalización, estandarización e difusión dos bens culturais que se xestionan dende arquivos, bibliotecas e museos dependentes da Xunta de Galicia, do ámbito local ou outros, e que estímase aproximadamente en 2.000 puntos de servizo.

Asemade o desenvolvemento do soporte tecnolóxico para a catalogación do patrimonio e bens de interese cultural da comunidade autónoma de Galicia, e a súa difusión.

### ■ ***Áreas de actuación, proxectos:***

***Denominación:*** *Sistema de Xestión de Patrimonio de Galicia*

***Descrición/obxectivo:*** En liña cos obxectivos da Dirección Xeral do Patrimonio Continuación do proxecto de unificación dos sistemas de inventariado, xestión, restauración e difusión dos bens de interese cultural e patrimonial de Galicia. Consolidación dun sistema único e integración co sistema de información territorial.

***Unidade responsable:*** Área de Modernización das Administracións Públicas

***Denominación:*** *Portal dos museos de Galicia*

***Descrición/obxectivo:*** En liña cos obxectivos da Dirección Xeral do Patrimonio Integración no catálogo corporativa, nas infraestruturas da Xunta e posta en marcha dun portal para a difusión dos museos de Galicia.

***Unidade responsable:*** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Sistema de xestión de bibliotecas*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Cultura. Ordenación e renovación dos sistemas de xestión nas bibliotecas:

- Selección do sistema único de xestión de bibliotecas.
- Migración tecnolóxica do sistema Meiga.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Evolución de portais*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Cultura. Revisión dos portais de:

- Servizo as bibliotecas.
- Portal da biblioteca de Galicia.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Repositorio de páxinas web de Galicia*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Cultura. Análise para a posta en marcha dun repositorio para a catalogación e conservación de páxinas web de Galicia (padigal).

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Mantemento de sistemas de información*

**Descrición/obxectivo:** Mantemento e continuidade dos sistemas de información actualmente en uso.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas-

**Denominación:** *Infraestruturas nos Arquivos, Bibliotecas e Museos*

**Descrición/obxectivo:** CAU especializado de atención aos usuarios, e atención aos postos de traballo neste ámbito. Auditoría de situación e proposta de reordenación.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas-

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Modernizar a catalogación e difusión do patrimonio e bens de interese cultural</i>	
<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
<b>Presenza en Internet</b>	
→ Portais de difusión	Posta en marcha do portal de museos de Galicia
→ Definición do sistema de arquivo	Definición e posta en marcha do proxecto de consolidación do sistema de xestión de patrimonio
→ Mantemento dos sistemas de arquivos, museos e bibliotecas	Mantemento dos sistemas de arquivos, museos e bibliotecas

## ***Impulso na ordenación, normalización e dinamización lingüística a través das TIC***

---

Utilización das TIC como ferramenta para o impulso da ordenación, normalización e dinamización do uso adecuado da lingua galega:

- Posta en marcha de sistemas normalizados de tradución automatizada, corrección, dicionarios en liña, ... de uso extensivo e homoxéneo nas intranet e portais, segundo o ámbito de aplicación.
- Desenvolvemento de ferramentas e sistemas para a dinamización da normalización lingüística.
- Definición e posta en marcha das políticas de aplicación de linguaxe na presenza da administración pública en Internet e/ou servizos prestados a cidadanía.
- Sistema de referencia do nomenclátor da toponimia galega

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Sistema de tradución automatizada*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, posta en marcha dun sistema común de tradución automatizada para a administración pública galega (autonómica e local).

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Dicionario Xurídico en liña*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, posta en marcha dun do dicionario xurídico en liña para toda a administración pública galega (autonómica e local).

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Enciclopedia Galega Universal e Dicionario Enciclopédico*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, integración na infraestrutura da Xunta de Galicia da Enciclopedia Galega Universal (EGU) e o Dicionario Enciclopédico Galego.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Dominio Puntogal*

**Descrición/obxectivo:** Ten por obxecto continuar colaborando e apoiando nas actuacións que se realizan para a procura do dominio **.gal**.  
Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 coa **Asociación Puntogal**.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

*Impulso na ordenación, normalización e dinamización lingüística a través das TIC*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Sistema de tradución automatizada	Posta en marcha dun sistema de tradución automatizada dispoñible para as administracións públicas galegas
→ EGU	Implantación nas infraestruturas da Xunta da EGU

## ***Ordenación e impulso da presenza da administración pública en Internet e fomento da transparencia, participación e colaboración coa cidadanía***

---

Reforzo da presenza da administración pública en Internet, mediante a coordinación de iniciativas, mellora da calidade da presenza das institucións, fomento das áreas vinculadas a divulgación da identidade cultural, patrimonial, lingüística e social galega a través de internet, dando a coñecer aspectos máis diferenciais da nosa comunidade, fomento das áreas temáticas de servizos, promoción da accesibilidade, ...

- Consolidación dunha imaxe homoxénea institucional.
- Definición e verificación dos criterios de difusión da administración pública en Internet.
- Coordinación do catálogo de portais da administración pública galega

Impulso das actuacións para a promoción transparencia, da reutilización da información do sector público, da apertura en formatos abertos, e para a promoción de xeración de servizos de valor a partir de esa información:

- Posta a disposición dos cidadáns do catálogo de conxuntos de datos de todos os sectores da administración pública, no portal institucional de datos abertos.
- Adecuación da presenza en internet aos criterios de transparencia.

Favorecer a participación cidadán nas decisións da administración pública e crear plataformas de colaboración entre administración e cidadanía.

- Consolidación da presenza nas redes ou canles sociais, tanto a nivel institucional como por temáticas de relevancia.
- Posta en marcha de plataformas de participación cidadá

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Desenvolvemento da presenza institucional en Internet*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento e novos servizos na web institucional.  
Novas versión de:

- Plataforma de contratos de Galicia.
- Portal de Función Pública.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Políticas web corporativas*

**Descrición/obxectivo:** Definición, coordinación e avaliación das políticas web corporativas.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Coordinación catálogo de portais*

**Descrición/obxectivo:** Mantemento do catálogo de portais e redes sociais.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Goberno aberto - Reutilización da información do sector público*

**Descrición/obxectivo:** Promoción da reutilización de información do sector público e OpenData. Ampliación do conxunto de datos abertos dispoñibles.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Goberno aberto - Transparencia*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha do portal de transparencia.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Goberno aberto - Participación*

**Descrición/obxectivo:** Homoxeneización das plataformas de posta a disposición da cidadanía das propostas normativas.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas



**Denominación:** *Plataforma GaliciaAberta*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Emigración, continuidade da difusión, dinamización e evolución tecnolóxica da plataforma orientada as comunidades galegas no exterior. GaliciaAberta.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

**Ordenación e impulso da presenza da administración pública en Internet e fomento da transparencia, participación e colaboración coa cidadanía**

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
<b>Desenvolvemento da presenza institucional en Internet</b>	
→ Acceso a unidades de información	Número de unidades de información catalogadas e dispoñibles dende o portal institucional
<b>Políticas web corporativas</b>	
→ Definición e avaliación políticas web corporativas	Informes de avaliación de criterios de políticas web corporativas
<b>Coordinación catálogo de portais</b>	
→ Catálogo de portais ou canles	Coordinación e xestión do catálogo de portais da administración pública
→ Novos portais	Coordinación da posta en marcha de novos portais
<b>Goberno aberto</b>	
→ Goberno aberto	Posta en marcha do portal de Transparencia Conxuntos adicionais de datos publicados en abertos. Homoxeneización da modelo de consulta pública sobre disposicións normativas
<b>Portal institucional</b>	
→ Renovación de áreas do portal institucional	Plataforma de Contratos de Galicia Función Pública

## ■ **Obxectivo 4 - Transforma TIC**

## ***Definición da estratexia RIS3 no ámbito das TIC***

---

As directrices do período 2014-2020 presentan como novidades principais a concentración temática, a complementariedade dos fondos, a xestión orientada a resultados e a existencia de estratexias de especialización intelixente como condición necesaria para acceder aos novos fondos.

Para recibir Fondos FEDER e FEADER é obrigatorio dispoñer de políticas de innovación de especialización intelixente.

O enfoque RIS3 esixirá ás rexións, a través dun enfoque integrado fortalecer a competitividade rexional para lograr a excelencia e garantir a complementariedade dos fondos a distintos niveis.

Para elo será necesario realizar unha análise completa de:

- Características diferenciais do sector TIC nas áreas definidas pola GAIN en base a especialización temática dos fondos de innovación recibidos no período 2007-2013.
- Análise de especialización científica e tecnolóxica en TIC's nas áreas identificadas
- Buscar a identificación de 'nichos' ou dominios específicos para a xeración de vantaxes competitivas a nivel internacional
- Integración dentro da estratexia rexional de especialización intelixente

### ■ ***Áreas de actuación, proxectos:***

***Denominación:*** *Definición da estratexia RIS3*

***Descrición/obxectivo:*** Xerar un mapa de prioridades no que o papel das TIC xogan un papel importante no desenvolvemento dos sectores ou encadeamentos produtivos clave de Galicia, aliñado este mapa coa visión estratéxica da AMTEGA.

***Unidade responsable:*** Área de Sociedade Dixital

## ***Impulso do hipersector TIC – Transforma TIC***

---

Este programa se integra no obxectivo estratéxico do contrato 4 polo que se trata de converter ao hipersector TIC nun sector estratéxico na economía de Galicia.

Os seus obxectivos específicos serán:

- Contribuír a creación de emprego e ao crecemento económico sostible de Galicia creando un novo modelo produtivo
- Facer máis competitivos os sectores estratéxicos de Galicia mediante as incorporacións das TIC aos seus modelos de negocio (automoción, construción naval, enerxía, téxtil)
- Facilitar a incorporación das micropemes e autónomos á Sociedade da Información, reducindo a fenda dixital para converxer con España e Europa

### ■ ***Áreas de actuación, proxectos:***

***Denominación:*** *Coordinación de actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal*

***Descrición/obxectivo:*** Coordinación e posta en marcha de novas actuacións derivadas de Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

***Unidade responsable:*** Área de Sociedade Dixital

***Denominación:*** *Taller de Emprendemento*

***Descrición/obxectivo:*** Esta actividade ten por obxectivo formar e adestrar a aqueles profesionais que desexan realizar actividades por conta propia, no proceso de decisión da forma xurídica da súa empresa e en todos aqueles trámites, xestións e actuación que terán que afrontar para o cumprimento das esixencias mercantís, fiscais, laborais, de protección de datos e de ordenamento municipal, incluídos os aspectos de financiamento básicos.

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 co [Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos de Informática de Galicia](#).

***Unidade responsable:*** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Plan de Impulso ao Sector TIC – Plan Transforma TIC*

**Descrición/obxectivo:** Ten por obxectivo aliñar unha única política global da Xunta de Galicia coas necesidades e actuacións do propio sector TIC, un plan que dea resposta á necesidade de contar cunha estratexia única dende a Xunta de Galicia para contribuír ao crecemento e desenvolvemento do sector da economía do coñecemento da Comunidade.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Definición da estratexia RIS3 no ámbito das TIC*

**Descrición/obxectivo:** A Amtega traballará de xeito coordinado coa GAIN na definición da Estratexia de Especialización Intelixente (Ris3) no ámbito das TIC aplicada a distintos sectores, co obxectivo de dispor dunha estratexia de financiamento e posicionamento internacional a partir do liderazgo rexional e de maximizar o retorno de fondos.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

■ **Obxectivo 5 – EconomiC-IT**

## Centro Demostrador TIC

---

Atópase dentro do obxectivo 5 que destinado a impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas.

A misión do Centro é facilitar ás empresas TIC os medios para acercar a súa oferta de produtos ás empresas doutros sectores produtivos, de forma que poidan desenvolver produtos adaptados ás necesidades de mercado.

As súas actuacións/proxectos específicos serán:

- Incrementar a demanda de produtos TIC e
- Adaptar esta demanda ás necesidades de innovación dos sectores estratéxicos

### ■ Áreas de actuación, proxectos:

**Denominación:** Centro Demostrador TIC

**Descrición/obxectivo:** Fomento da interrelación entre a oferta do sector TIC e as empresas galegas.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** Desenvolvemento dun paquete integrado de xestión dunha micropeme baseado en ferramentas de software libre

**Descrición/obxectivo:** O obxectivo desta actuación é construír e amosar, no ámbito de actuación do Centro Demostrador TIC, un paquete de ferramentas de software libre que axuden a cubrir as principais necesidades de xestión dunha micropeme ou autónomo. Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 coa [Asociación de Empresas Galegas de Software Libre \(AGASOL\)](#).

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

## ***Impulso do uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas***

---

Este programa se integra no obxectivo estratéxico 5 que ten como finalidade impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas.

As súas actuacións/proxectos específicos serán:

- Contribuír a creación de emprego e ao crecemento económico sostible de Galicia creando un novo modelo produtivo
- Facer máis competitivos os sectores estratéxicos de Galicia mediante as incorporacións das TIC aos seus modelos de negocio (automoción, construción naval, enerxía, téxtil)
- Facilitar a incorporación das micropemes e autónomos á Sociedade da Información, reducindo a fenda dixital para converxer con España e Europa

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Fomento da demanda tecnolóxico-industrial para os sectores produtivos estratéxicos de Galicia*

**Descrición/obxectivo:** Actuacións para o fomento da demanda e introdución das TIC nos distintos sectores produtivos estratéxicos de Galicia, garantindo unha incorporación efectiva das novas tecnoloxías para estar aliñada coas características e necesidades específicas de cada sector.

Para elo deberase facer unha segmentación das necesidades TIC das empresas galegas, que permita deseñar actuacións máis e mellor focalizadas, e cun maior impacto, “maior eficacia e maior satisfacción”. Ademais a segmentación estará baseada na identificación de grupos con características homoxéneas en canto ao seu comportamento en relación ás TIC, xa que tanto as clasificacións tradicionais, como as sectoriais, non son determinantes para explicar o proceso de absorción das novas tecnoloxías.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital



**Denominación:** *Pilotaxe de asesoramentos tecnolóxicos a empresas*

**Descrición/obxectivo:** Esta iniciativa nace como actividade de apoio dedicada ás persoas emprendedoras, autónomos e pemes, persoas valentes que, en tempos difíciles, necesitan encaixar todas as pezas posibles para saír ao mercado de forma competitiva. Este é o punto de encontro, que facilitará oportunidades e recursos adecuados para a posta en marcha e desenvolvemento de proxectos.

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 co [Colexio Profesional de Enxeñeiros de Informática de Galicia](#).

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa se amosan no seguinte cadro:

*Impulso do uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Fomento da demanda tecnolóxico-industrial para os sectores produtivos estratéxicos de Galicia	<b>Empresas que teñen acceso a internet con Banda Larga contratado</b>
	Empresas de 10 ou mas empregados
	Empresas de menos de 10 empregados
	<b>Empresas con conexión a internet que teñen páxina web</b>
	Empresas de 10 o mas empregados
	Empresas de menos de 10 empregados
	Empresas de 10 ou mas empregados que realizaron envío de facturas electrónicas

## Smart Turismo

---

Posta en marcha de iniciativas para a difusión e promoción do turismo en Galicia, tanto dende as actividades da administración pública, como na relación cos operadores de Galicia.

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Definición do sistema de promoción do sector turístico*

**Descrición/obxectivo:** En liña cos obxectivos da Axencia Galega para o turismo. Definición dun proxecto de impulso das TIC para a promoción do sector turístico en Galicia.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Registro de Establecementos de Actividades Turísticas*

**Descrición/obxectivo:** Licitación da renovación do sistema de xestión do rexistro de establecementos de actividades turísticas (REAT).

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

### ■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

<i>Smart Turismo</i>	
<i>Acción</i>	<i>Indicadores asociados</i>
→ REAT	Licitación da renovación do rexistro de establecementos de actividades turísticas

## **Modernización do transporte público en Galicia**

---

Este programa enmarcase dentro do Obxectivo estratéxico 5 que ten como finalidade a posta a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que á súa vez permitan o aumento na súa calidade de vida.

Este programa posibilitará a modernización do sector do transporte e a mellora da calidade dos servizos, tanto na xestión e toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidos aos usuarios.

Entre as súas actuacións/proxectos específicos están:

- Mellora na xestión do transporte metropolitano de Galicia
- Desenvolvemento de servizos de información a cidadanía sobre o transporte público de Galicia (liñas, rutas, horarios, ...) e impulso da xestión eficiente destes a través do emprego de ferramentas tecnolóxicas.
- Consolidación da tarxeta metropolitana sen contactos como método de pago no transporte público en Galicia

### ■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Mantemento e evolución do Sistema de información do Transporte Metropolitano de Galicia*

**Descrición/obxectivo:** Os sistemas de información do Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia (SITME e SITBUS) son as pezas centrais do funcionamento do transporte metropolitano de Galicia, e da relación entre as empresas de transportes de viaxeiros, os viaxeiros, a administración autonómica, a administración local, e as entidades bancarias colaboradoras. Polo tanto, o seu funcionamento operativo é imprescindible tanto desde o punto de vista da operatividade do sistema de transporte como dende o punto de vista financeiro (colectas, pagos, compensacións, ...), así como a evolución para a adaptación de novas funcionalidades, novas zonas de transporte, novos concellos, ou operadores .

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Sistema de Axuda a Explotación do Plan de Modernización do Transporte*

**Descrición/obxectivo:** A lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia establece as bases do plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia. Estas bases desenvólvense na posterior resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia.

O Plan de Modernización establece entre as súas actuacións, unha serie de medidas tecnolóxicas e de explotación, consistentes nun sistema de axuda á explotación, S.A.E. en toda a flota adscrita ás concesións, que permita, entre outras funcións inherentes a estes sistemas, a localización e identificación en tempo real dos autobuses, de acordo ás especificacións que fixe a Administración.

O obxectivo é o estudo da viabilidade da posta en marcha do devandito sistema e no seu caso a súa licitación.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

#### ■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

#### *Modernización do transporte público en Galicia*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Mantemento e evolución do Sistema de información do Transporte Metropolitano de Galicia	<i>Numero de billetes procesados no sistema de tarxeta metropolitana</i>
→ Sistema de Axuda a Explotación	Estado do sistema

## ***Potenciar a xestión telemática no sector agrogandeiro, no sector forestal e no sector da pesca e do mar***

---

Este programa enmarcase dentro do obxectivo estratéxico 5 que ten como finalidade a posta a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que á súa vez permitan o aumento na súa calidade de vida.

A finalidade deste programa é desenvolver novos servizos e instrumentos que permitan aos sectores facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración como con terceiros, mellorando tamén a explotación e a xestión da información en poder da administración.

En base á súa finalidade, definíronse as seguintes **actuacións/proxectos** para o programa:

- Desenvolver novos servizos de tramitación e consulta directa na Oficina Agraria Virtual
- Impulsar a tarxeta sanitaria veterinaria
- Fomentar o desenvolvemento da Lonxa Virtual
- Mellorar o desenvolvemento de traballos de campo mediante o uso de dispositivos móbiles.
- Posta en marcha dos sistemas e servizos electrónicos que permitan acadar a tramitación electrónica nos procedementos vinculados ao sector agrogandeiro.
- Posta en marcha dos sistemas e servizos electrónicos que permitan acadar a tramitación electrónica nos procedementos vinculados á concentración parcelaria
- Implantar o acceso telemático aos procedementos do sector forestal
- Impulsar sistemas de detección e vixilancia de incendios forestais e aplicacións de soporte no dispositivo de extinción de incendios / PLADIGA
- Consolidar a infraestrutura de xestión de incendios no CPDi
- Automatización e simplificación de procedementos e servizos de xestión, e trazabilidade a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca

- Consolidar servizos de informatización e automatización en lonxas e confrarías, incluíndo a extensión de puntos de autoservizo
- Posta en marcha dos sistemas e servizos electrónicos que permitan impulsar a tramitación electrónica nos procedementos vinculados ao sector da pesca
- Impulsar os sistemas de apoio ao banco de terras de Galicia

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Mantemento e evolución do sistema de integrado de xestión e control de axudas do sector agropecuario*

**Descrición/obxectivo:** Soporte e evolución do sistema integrado de xestión e control de axudas de fondos europeos agrícolas, incluíndo o novo Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e a evolución cara a un sistema integrado web (SIWeb)

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución da Oficina Agraria Virtual*

**Descrición/obxectivo:** Impulsar novos servizos e funcionalidades na Oficina Agraria Virtual, frontal de relación telemática co sector, estendéndoo nas distintas áreas: gandería, vitícola, axudas PAC, ...

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución dos sistemas de soporte á xestión da Política Agraria Común no marco do FOGGA (xestión de axudas e xestión contable)*

**Descrición/obxectivo:** Mantemento evolutivo do sistema integrado que soporta as axudas FEAGA e FEADER xestionadas polo FOGGA, así como do sistema contable e de pago de todas as axudas da PAC que son xestionadas en Galicia. Inclúe a evolución da ferramenta de control de campo CONSUPAC e un novo desenvolvemento integral das ferramentas da xestión contable e de pagos

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Mantemento e evolución de varios sistemas que dan soporte á xestión*

**Descrición/obxectivo:** Mantemento e evolución de varios sistemas da Consellería do Medio Rural e do Mar:

- Lonxa virtual de gandería
- ADSG
- Maris
- Ferramentas Horizontais

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Seguridade e auditoría informática do FOGGA*

**Descrición/obxectivo:** Cumprimento das obrigacións normativas do FOGGA, en relación á xestión de fondos europeos agrícolas, en materia de seguridade de sistemas de información (ISO 27002)

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento dun sistema de axuda a toma de decisións (Business Intelligence) no sector de gandería*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento dun sistema de información baseado en plataformas de intelixencia de negocio que permita a análise da información do sector gandeiro dispoñible nos sistemas de información corporativos co obxectivo de ser un sistema de axuda a toma de decisións directivas, en particular en cuestións relativas a sanidade animal.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento da Tarxeta Sanitaria Veterinaria*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento dun sistema que permita a implantación da Tarxeta Sanitaria Gandeira como o documento administrativo que identifica ao propietario dun animal e lle da acceso a información relativa ás prescricións e tratamentos médicos de dito animal, como indica o Decreto 63/2012. Polo tanto, dito sistema converterase nun instrumento básico de relación entre propietarios de animais, facultativos veterinarios, establecementos dispensadores de medicamentos e autoridades competentes en materia de gandería da Xunta de Galicia.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento de servizos en infraestruturas agrarias e desenvolvemento rural*

**Descrición/obxectivo:** Impulso das aplicacións de soporte para obras no medio rural e arranque dunha nova plataforma telemática de soporte para os procesos de concentración parcelaria e a súa relación co administrado. Incorporación de novas funcionalidades no sistema de soporte do banco de terras de Galicia (Sitegal)

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento de servizos no sector forestal*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento de novos servizos e instrumentos establecidos na Lei de Montes e de tecnoloxías que permitan tanto unha xestión mais eficiente como a relación telemática da administración con terceiros, como é o caso das cortas web; apoio no sistema de sanidade forestal integrando a información e mellorando a capacidade de explotación da mesma

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento de servizos na loita contra os incendios forestais*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento de servizos e instrumentos que permitan facer uso das novas tecnoloxías na loita contra os incendios forestais, tanto no soporte dos medios humanos e técnicos como na explotación da información de referencia.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Denominación:** *Desenvolvemento da plataforma de teleformación e do portal de formación no sector do mar*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento dun novo punto de información relevante sobre a acción formativa no sector do mar como impulso da achega dos coñecementos necesarios neste sector. Mellora das aplicacións de xestións e impulso da plataforma de teleformación como canle dos novos contidos formativos.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais



**Denominación:** *Desenvolvemento de servizos no sector da pesca e do mar*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento de novos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración como con terceiros, mellorando tamén a súa explotación e a xestión da información en poder da administración.

**Unidade responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos definidos do contrato se amosan no seguinte cadro:

*Potenciar a xestión telemática no sector agrogandeiro, no sector forestal e no sector da pesca e do mar*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Mantemento e evolución da Oficina Agraria Virtual e dos sistemas relacionados coa Política Agraria Común	% de tramitación telemática dos servizos dispoñibles na OAV
→ Implantación da Lonxa Virtual do Gando	Estado do sistema
→ Seguridade e auditoría informática do FOGGA	Cumprimento ISO 27002
→ Desenvolvemento dun sistema de axuda a toma de decisións (Business Intelligence) no sector de gandería	Estado do sistema
→ Desenvolvemento da Tarxeta Sanitaria Veterinaria	Estado do sistema
	% de solicitudes de cortas de madeira comunicadas de xeito telemático
→ Desenvolvemento de servizos no sector forestal	Nº de incidencias remotas e presenciais atendidas dende centro de atención a usuarios de incendios
→ Desenvolvemento de servizos na loita contra os incendios forestais	Implantación dun sistema de detección de incendios
→ Impulso da teleformación no sector do mar	Cursos on line
→ Desenvolvemento de servizos no sector da	Documentos telemáticos de pesca

*Potenciar a xestión telemática no sector agrogandeiro, no sector forestal e no sector da pesca e do mar*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
pesca e do mar	emitidos na Plataforma Tecnolóxica da Pesca Terminais de autoservizo de lonxas e cofradías

## ■ **Obxectivo 6 - InfraTeleCom**

## Plan de Banda Larga

---

Este programa se enmarca dentro do obxectivo estratéxico 6 que persegue a implantación dunha rede de infraestruturas moderna e sostible que garanta a integración de Galicia na Sociedade da Información.

A súa finalidade é o desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicacións que garantan aos cidadáns e as empresas de todo o territorio rexional o acceso aos servizos avanzados da sociedade da información.

As **actuacións/proxectos específicos** deste programa son:

- Desenvolver infraestruturas de telecomunicación modernas e sostibles, acorde coas necesidades de Galicia e os requirimentos do actual desenvolvemento tecnolóxico, que atendendo a criterios de vertebración territorial e cohesión social, garanta a cidadáns e empresas de todo o territorio rexional o seu dereito de acceso aos servizos avanzados da sociedade da información.
- Posta en marcha das medidas necesarias para facilitar e impulsar o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións. Creación dun marco normativo que permita un despregamento áxil, ordenado e respectuoso co entorno das redes de telecomunicacións. A consecución disto terá lugar a través da aprobación da Lei de impulso e a ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. Esta Lei ten por obxecto a regulación do impulso e a ordenación das infraestruturas de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo o marco legal e as condicións axeitadas para que o despregamento territorial das mesmas se realice de xeito áxil, ordenado, eficiente, seguro, e respectuoso co medio ambiente.
- Fomentar e incentivar a demanda a través de programas de capacitación e achegamento das novas tecnoloxías aos usuarios.

Tamén dentro de deste operativo enmarcase o programa de **potenciación de Retegal como operador de vangarda** que vai intimamente ligado ao Plan de Banda Larga xa que o obxectivo fundamental de Retegal é proporcionar unha rede de infraestruturas que permita acelerar e optimizar los despregues, reducindo así os custes e favorecendo a competitividade efectiva entre os operadores.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Despregue de infraestruturas de telecomunicacións para a extensión da banda larga*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolver unha rede de infraestruturas de telecomunicacións moderna e sostible, acorde ás necesidades de Galicia e aos requirimentos do actual desenvolvemento tecnolóxico que, atendendo a criterios de vertebración territorial e cohesión social, garanta a cidadáns e empresas de todo o territorio rexional o seu dereito de acceso aos servizos avanzados da Sociedade da información. O Plan De Banda Larga ten como obxectivo que todos os cidadáns e empresas poidan acceder a un servizo de banda larga de calidade. Actualmente están en marcha as actuacións para o despregamento de redes sen fíos e redes de alta capacidade (ADSL) que permitirán achegar un servizo de banda larga de calidade ao 97% da poboación. O resto da poboación poderá acceder mediante tecnoloxía satélite.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Potenciación do operador público RETEGAL*

**Descrición/obxectivo:** Esta actuación consiste na adecuación e ampliación das súas infraestruturas, tanto nos centros existentes como nos novos emprazamentos, segundo sexan considerados necesarios para o despregamento de redes de acceso. Se aproveitarán as posibles sinerxías co proceso de adecuación de infraestruturas para a TDT, mellorando as infraestruturas, migrando as ligazóns analóxicas a tecnoloxías IP e minimizando custos. Cunha base sólida de centros e emprazamentos, tamén se ampliará a rede troncal de fibra óptica de Retegal. Finalmente, esta actuación contemplará tamén a adecuación e ampliación da rede de radioenlaces.

Actuación busca o fortalecemento de Retegal, dotándoo de máis medios e capacidades, permitirá reducir os custes e acelerar o despregamento da banda larga, favorecendo ao mesmo tempo a presenza dos operadores privados mediante a reutilización dos seus centros e emprazamentos que estarán en igualdade de condicións para a prestación de servizos, e por tanto unha competencia e pluralidade efectiva que redunde en progreso para Galicia.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Plan Sectorial RETEGAL*

**Descrición/obxectivo:** Elaboración dun Plan Sectorial para a implantación e desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións propiedade da Xunta de Galicia e xestionadas por Retegal. Este Plan será aprobado en Consello de Xunta no mes de marzo.

Este Plan Sectorial ten como obxectivos ordenar axeitadamente as infraestruturas existentes, formular a evolución previsible a medio e longo prazo, e estimar as necesidades das mesmas.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Extensión de redes de nova xeración-NGAs*

**Descrición/obxectivo:** Actuación para o desenvolvemento de redes de 100 Megas nos principais núcleos de Galicia fora dos núcleos principais das 7 grandes cidades. Desenvolver unhas infraestruturas que permitan o acceso a redes NGA, que favorecerán o acceso aos servizos avanzados da Sociedade da Información.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha das medidas necesarias para facilitar e impulsar o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións. Creación dun marco normativo que permita un despregamento áxil, ordenado e respectuoso co entorno das redes de telecomunicacións.

A consecución disto terá lugar a través da aprobación de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia e os seus desenvolvementos regulamentarios. Esta Lei ten por obxecto a regulación do impulso e a ordenación das infraestruturas de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo o marco legal e as condicións axeitadas para que o despregamento territorial das mesmas se realice de xeito áxil, ordenado, eficiente, seguro, e respectuoso co medio ambiente.

O Anteproxecto de lei foi aprobado polo Consello da Xunta en decembro de 2012 e atópase agora en trámite parlamentario.

O lanzamento das medidas recollidas na Lei levarase a cabo a través dos seus correspondentes desenvolvementos normativos.

A este respecto, no ano 2013 está previsto a publicación do “Decreto polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en proxectos de obra promovidos pola Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as entidades locais e os seus organismos públicos” (desenvolvemento do artigo 10º da Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia)

Tamén está prevista a elaboración dun decreto polo que se regulará a subministración de información polo sector público autonómico, as entidades locais e os operadores de redes de telecomunicacións para a coordinación e a cooperación na implantación de infraestruturas de telecomunicacións e no despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas (desenvolvemento das obrigas de información establecidas no artigo 7 da Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia).

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Verificación e comprobación da calidade dos servizos asociados ao Plan Banda Larga*

**Descrición/obxectivo:** Comprobar que os servizos retallistas prestados polas redes subvencionadas da Xunta de Galicia cumpren cos niveis mínimos de servizo esixidos polas bases reguladoras e pola resolución de concesión das axudas, nunha mostra dos núcleos de poboación obxectivo para a extensión de redes de acceso de banda larga en Galicia no marco do Plan de Banda Larga de Galicia 2010-2013.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Medidas de divulgación do novo escenario regulamentario e da importancia do despregue das infraestruturas de telecomunicacións en Galicia*

**Descrición/obxectivo:** Debido aos numerosos cambios regulamentarios que se están a producir no marco legislativo, levaranse a cabo medidas de divulgación dirixidas a técnicos municipais e demais axentes involucrados, co fin de dar a coñecer estas modificacións e servir de asesoramento na adaptación a este novo escenario.

Así mesmo realizaranse actuacións para dar a coñecer a importancia do despregamento das infraestruturas de telecomunicacións en obras públicas e os diferentes mecanismos para impulsar a incorporación nas obras públicas e nos planeamentos urbanísticos.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

#### ■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos definidos do contrato se amosan no seguinte cadro:

<i>Plan de Banda Larga</i>	
<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Despregamento de infraestruturas	Poboación sen banda larga (acumulado 2010-2012)
→ Potenciación do operador público RETEGAL	Lonxitude da rede de fibra óptica xestionada por RETEGAL en Km (acumulado) Nº total de emprazamentos
→ Extensión redes de nova xeración-NGAs	Poboación con posibilidade de acceso a redes de nova xeración de 100 Mbps (acumulado 2010-2012)

## Modernización das redes do sector público autonómico

---

Este programa está dentro do obxectivo estratéxico 6.

Os obxectivos que se tratan de acadar con este programa son fundamentalmente:

- A optimización da xestión e contratación das redes do sector público autonómico
- O impulso das infraestruturas de soporte da rede corporativa.
- A mellora dos servizos ofrecidos aos usuarios

### ■ Áreas de actuación, proxectos:

**Denominación:** Rede de backup de telecomunicacións entre as distintas sedes da Xunta de Galicia

**Descrición/obxectivo:** Dispoñer dunha rede de comunicacións de backup GigabitEthernet entre os principais nodos da Xunta de Galicia

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** Conexión de fibra entre o CPDi e o CPD do SERGAS en Conxo

**Descrición/obxectivo:** Conexión mediante fibra óptica entre o CPDi e o CPD do SERGAS en Conxo.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** Servizo corporativo de acceso a Internet

**Descrición/obxectivo:** Acceso a internet dos centros integrados na Rede Corporativa da Xunta de Galicia

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións



**Denominación:** *Servizo corporativo de malla troncal*

**Descrición/obxectivo:** Servizo de malla troncal da Rede Corporativa da Xunta de Galicia

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Servizo corporativo de rede de acceso*

**Descrición/obxectivo:** Servizo corporativo de rede de acceso

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

**Modernización das redes do sector público autonómico**

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Modernización das redes do sector público autonómico	Velocidade media de acceso na rede corporativa
	% de centros administrativos conectados á rede corporativa
	Velocidade media de acceso nas sedes xudiciais

■ ***Obxectivo 7 – Medidas instrumentais de eficiencia e cooperación***

## ***Consolidación da Axencia como órgano de xestión das TIC***

---

Recolle, entre outras, aquelas actuacións tendentes á posta en marcha da nova Axencia que, pola súa complexidade, non puideron ser finalizadas no período no que estivo en vigor o Plan Inicial de Actuacións. Neste obxectivo recollerase o proceso de consolidación dos servizos tecnolóxicos, o cal, se levará a cabo de xeito gradual.

Estas actuacións irán de xeito paralelo supoñendo unha reorganización do modelo de prestación de servizos TIC, especialmente no caso dos centros periféricos. No que aborda un proceso de integración dos medios persoais que prestan os servizos de soporte e atención, nun único grupo que permita a optimización dos medios dispoñibles, garantindo a especialización funcional naqueles ámbitos nos que sexa necesario.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, a posta en marcha da Amtega como órgano de xestión TIC para a consecución dun modelo de xestión áxil e eficiente conlevará a optimización dos recursos existentes o que se traducirá, necesariamente, nunha redución dos postos de estrutura con relación aos existentes nas distintas consellerías cuos servizos se integren na Amtega.

### ■ ***Áreas de actuación, proxectos:***

***Denominación:*** *Relación de postos de traballo da Amtega*

***Descrición/obxectivo:*** Elaboración e aprobación da RPT da Amtega

***Unidade responsable:*** Xerencia

***Denominación:*** *Reestruturación organizativa*

***Descrición/obxectivo:*** Reordenación e reestruturación do persoal TIC de toda a Administración autonómica

***Unidade responsable:*** Xerencia

**Denominación:** *Plan contratación centralizada*

**Descrición/obxectivo:** Elaboración dun plan de contratación centralizada dos distintos servizos TIC competencia da Amtega

**Unidade responsable:** Xerencia

■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

*Posta en marcha da Axencia como órgano de xestión das TIC*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Relación de postos de traballo da Amtega	% Redución postos de estrutura provistos por libre designación
→ Reestruturación organizativa	Nº m <sup>2</sup> liberados

## ***Impulso da colaboración e acción coordinada entre administracións: Plan eConcellos***

---

Enmarcase no obxectivo estratéxico 7. Este programa materialízase no plan e-Concellos cuxa finalidade é acadar un conxunto de servizos comúns dixitais de uso xeneralizado polas administracións locais, que acompañen ao desenvolvemento das TIC na administración local e que mediante a eliminación de duplicidades favoreza a eficiencia no consumo de recursos, sistemas e infraestruturas tecnolóxicas:

- Consolidación da canle EidoLocal para a relación coas Entidades Local
- Posta en marcha dun catálogo de servizos dixitais compartidos coas Entidades Locais

### **■ Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Servidores e almacenamento administración local*

**Descrición/obxectivo:** Despregamento de hardware (servidores e almacenamento), para albergar distintos proxectos de administración electrónica e outros servizos ofrecidos ás Entidades Locais.

**Unidade responsable:** Área de Infraestruturas e Telecomunicacións

**Denominación:** *Desenvolvemento do catálogo de servizos compartidos*

**Descrición/obxectivo:** Posta en marcha de servizos compartidos:

- Portal de tradución automatizada.
- Dicionario Xurídico en liña.
- Servizos de interoperabilidade: COAG.
- Posta en marcha dun servizo de licitación electrónica

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Portal EidoLocal*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolvemento e posta en marcha do novo modelo de portal de EidoLocal.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

**Denominación:** *Elaboración ADL*

**Descrición/obxectivo:** Publicación da proposta de Axenda Dixital Local.

**Unidade responsable:** Área de Modernización das Administracións Públicas

#### ■ **Indicadores asociados:**

O conxunto indicadores, que van permitir levar a cabo accións de seguimento e avaliación do programa con medidas concretas do éxito das accións executadas e a súa repercusión nos obxectivos estratéxicos do contrato definidos se amosan no seguinte cadro:

#### *Impulso da colaboración e acción coordinada entre administracións: Plan eConcellos*

<b>Acción</b>	<b>Indicadores asociados</b>
→ Catálogo común de servizos	Novo servizo: Interoperabilidade co COAG Novos servizo: Sistema de tradución automatizada
→ EidoLocal	Evolución do portal EidoLocal. Novas funcionalidades no portal EidoLocal
→ EELL usuarias de servizos do catálogo común	% de entidades locais que utilizan algún dos novos servizos (FNMT, COAG, ...)

## ***Observatorio da sociedade da información e da modernización (OSIMGA)***

---

A creación deste observatorio se sitúa dentro do obxectivo estratéxico 7 que ten como finalidade construír un modelo de xestión áxil e eficiente que de resposta ás novas necesidades, construíndo unha administración áxil, de confianza e segura que simplifique as estruturas organizativas e que permita manter políticas de austeridade que deriven nunha redución de custos e unha optimización de esforzos.

Este observatorio desenvolve ou promove estudos e análises de datos que permiten coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e posibles problemáticas que poden afectar á extensión da Sociedade da Información en Galicia e a aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.

Tal e como se sinala no seu Decreto de creación 21/2010 do 4 de febreiro de 2010 as súas funcións son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que afecten a extensión da sociedade da información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da sociedade da

información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.

- Elaborar e presentar publicamente informes que reflictan o estado de situación ou a evolución prevista.
- Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de sociedade da información e modernización da Administración.

■ **Áreas de actuación, proxectos:**

**Denominación:** *Observatorio da sociedade da información e a modernización (OSIMGA)*

**Descrición/obxectivo:** Desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e posibles problemáticas que poden afectar á extensión da Sociedade da Información en Galicia e a aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

**Denominación:** *Estudo da situación laboral das Enxeñerías Informáticas en Galicia*

**Descrición/obxectivo:** Estudo sobre a situación profesional dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática galegos. Preténdese actualizar esta información tentando sacar conclusións da evolución desta profesión, especialmente do impacto da crise económica actual no tecido TIC galego, para o que este traballo inclúe a realización dunha enquisa e o posterior informe de diagnose.

Esta actividade farase dentro do convenio de colaboración para o ano 2013 co **Colexio Profesional de Enxeñeiros de Informática de Galicia**.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital



**Denominación:** Caderno “A incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral de Galicia”

**Descrición/obxectivo:** O principal obxectivo deste caderno é avaliar a situación das mulleres galegas na Sociedade da Información, tanto no referido ao uso de Internet, como na formación, a investigación e as empresas do sector TIC en Galicia.

**Unidade responsable:** Área de Sociedade Dixital

## 4. Marco económico-financeiro

---

Dende finais de 2007 a nosa economía está a verse afectada por unha profunda crise ante a cal dende o ano 2009 a Comunidade Autónoma está realizando un esforzo continuado co dobre obxectivo de, en primeiro lugar, conter o gasto como consecuencia da diminución dos recursos durante os dous exercicios seguintes, realizar un amplo esforzo para que a redución do gasto se concentre no de carácter improdutivo. Fronte á caída dos ingresos que proveñen do sistema de financiamento, aplicouse unha política económica baseada na austeridade e na consecución da estabilidade orzamentaria.

Nesta liña de actuación creouse a Amtega, recibindo dende o momento da súa constitución, con data 9 de marzo de 2012, entre outros, os recursos humanos e materiais, así como os de tipo económico-financeiros que estaban ata o momento adscritos á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e Secretarías Xerais da Presidencia xunto cos recursos TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

Nunha segunda fase, que tivo lugar ao longo do exercicio 2012, adscribíronse á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións das consellerías e entidades públicas delas dependentes das seguintes consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar; e Medio Rural e do Mar; de modo que no ano 2012 culmináronse os acordos de traspaso correspondentes a:

- Secretarías Xerais da Presidencia (Secretaría Xeral da Presidencia, Asesoría Xurídica, Secretaría Xeral de Medios, Secretaría Xeral da Igualdade, Secretaría Xeral de Emigración, Secretaría Xeral para o Deporte, Secretaría Xeral para o Turismo)
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, xunto coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xunto con Axencia Galega de Infraestruturas, Instituto de Estudos do Territorio e Xurado de Expropiación de Galicia.
- Consellería de Medio Rural e do Mar, xunto a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) e Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL).

- Consellería de Economía e Industria, xunto a Axencia Galega de Innovación e o Instituto Galego de Consumo.
- Consellería de Traballo e Benestar xunto co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA).
- Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) e o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Neste contexto a Amtega consolidou no ano 2012, froito dos acordos de traspaso anteditos, os créditos iniciais TIC das consellerías e entes referidos sendo o resultado de tal integración o seguinte:

CAPÍTULO	ORZAMENTO 2013 (Crédito inicial)
I	10.144.568,00 €
II	8.315.685,17 €
IV	953.941,00 €
VI	59.001.632,92 €
VII	16.145.615,07 €
<b>TOTAL</b>	<b>94.561.442,16 €</b>

No presente exercicio, os recursos orzamentarios da Amtega irán destinados á consecución dos obxectivos e plans de actuación anteriormente referidos, sen esquecer o compromiso adquirido nos distintos acordos de traspaso coas consellerías de manter un prestación dos servizos análogo ao existente en cada unha delas, en atención á dispoñibilidade dos recursos persoais, materiais e económicos traspasados.

Así mesmo, durante o ano 2013 a Amtega realizará as actuacións necesarias para converterse en órgano xestor de fondos FEP e FEADER.

De forma paralela, a Amtega continuará na procura de recursos económicos externos procedentes doutras entidades e Administracións Públicas, como vía alternativa para financiar novos proxectos TIC que permitan afondar na eficiencia e no aforre de custes. Así, por exemplo, traballará na identificación de operacións a engadir dentro dos P.O

FEDER, FSE, FEADER no ámbito rexional e no P.O Galicia- Norte de Portugal relativo ao ámbito da cooperación transfronteiriza, así como en maximizar a obtención de financiamento a nivel internacional.

Asemade a Amtega traballará de xeito coordinado coa Gain na definición da Estratexia de Especialización Intelixente (Ris3) no ámbito das TIC aplicada a distintos sectores, participando como coordinador do grupo de traballo de TIC e formando parte dos restantes grupos de traballo tanto sectoriais como horizontais establecidos.

## 5. Recursos humanos

---

O capital humano é o activo mais importante da Axencia.

O plan de recursos humanos da Amtega esta fundado nun compromiso permanente polo desenvolvemento profesional, mediante accións formativas, baseadas nun diagnóstico de necesidades previo; a transversalización xeral do modelo de traballo (combinando os principios de especialización sectorial e funcional); o fomento da incorporación de profesionais da máxima competencia; a cultura de responsabilidade polos resultados esperados; a austeridade administrativa, fomentando a adaptación do persoal da Xunta que vén desempeñándose nas áreas transferidas á Axencia; e a cobertura gradual de vacantes mediante a adscrición progresiva do persoal TIC das distintas consellerías.

Coa constitución da Axencia incorporáronse os medios persoais, que correspondían á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o persoal TIC das secretarías xerais da Presidencia xunto co persoal TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Esta primeira fase culminou no primeiro trimestre do ano 2012.

Nunha segunda fase, que tivo lugar ao longo do ano 2012, adscribíronse á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións doutras 5 consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar; e Medio Rural e do Mar.

Como consecuencia do novo modelo organizativo adoptado, á medida do avance das adscricións de persoal e recursos doutras consellerías, órganos ou entidades, se producirá a conformación dun conxunto de profesionais que non respondan a un mando sectorial específico, senón que irán sendo asignados aos proxectos existentes de conformidade coas prioridades fixadas pola Dirección da Axencia.

Ao longo deste exercicio tramitarase a elaboración e aprobación da relación de postos de traballo da Amtega coa finalidade de adaptar a organización do seu persoal aos compromisos e criterios de eficacia, eficiencia e especialización funcional recollidos no seu contrato plurianual de xestión.

Como consecuencia do novo modelo organizativo adoptado producirase unha reordenación do persoal TIC de toda a Administración autonómica en aras á optimización dos recursos dispoñibles para o cumprimento dos obxectivos reseñados. Neste senso, nas distintas delegacións procederase á reordenación unitaria do persoal TIC, coa finalidade de acadar unha prestación de servizos horizontal en todo o seu ámbito.

Doutra banda, a reestruturación organizativa en servizos centrais conlevará unha consolidación das infraestruturas e liberación de espazos de **1.120,38 m<sup>2</sup>** nas distintas consellerías, agrupando en cinco ubicacións o soporte ás distintas consellerías radicadas nos complexos administrativos de San Caetano e San Lázaro.

Finalmente, tal e como se establece na propia lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) no seu artigo 78, os conceptos retributivos do persoal funcionario serán os establecidos na normativa reguladora da función pública da Xunta de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma coas especialidades previstas nesta lei e no estatuto de creación. Por outra banda as condicións retributivas do persoal laboral serán as determinadas no convenio colectivo de aplicación.